

IES XUNQUEIRA I

PLAN DE CONVIVENCIA



<i>SENSIBILIZACIÓN</i>	4
<i>FINALIDADE</i>	4
<i>SITUACIÓN ACTUAL DA CONVIVENCIA NO CENTRO</i>	6
<i>TIPOS DE CONFLICTOS MÁIS FRECUENTES NO CENTRO</i>	9
<i>CAUSAS</i>	10
<i>EFFECTIVIDADE</i>	11
<i>CONCRECIÓN DO PLAN</i>	11
<i>OBJECTO, FINS E PRINCIPIOS DO PLAN</i>	11
<i>OBJECTIVOS ESPECÍFICOS</i>	13
<i>ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS</i>	13
<i>AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA</i>	27
<i>COMISIÓN DE CONVIVENCIA ESCOLAR DO CENTRO</i>	28
<i>PROTOCOLOS E PROGRAMAS ESPECÍFICOS</i>	29
<i>ALUMNADO INMIGRANTE. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN</i>	29
<i>SEMANA DE INCLUSIÓN/INMERSIÓN PARA 1º ESO</i>	37
<i>PROGRAMA TEI</i>	38
<i>PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS:</i>	42
<i>PROYECTO DE COHESIÓN GRUPAL, 1º BACHARELATO</i>	46
<i>PROGRAMA DE MEDIACIÓN</i>	47
<i>ESCOLA DE NAIS E PAIS</i>	56
<i>ACTUACIÓNS ANUAIS DO PLAN DE CONVIVENCIA</i>	56
<i>MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DO PLAN</i>	59
<i>SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA DO PLAN</i>	59
<i>NECESIDADES DE FORMACIÓN E RECURSOS</i>	60
<i>DIFUSIÓN DO PLAN</i>	60
<i>NORMATIVA APLICABLE</i>	61
<i>ANEXO I: PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN E O CONTROL DO ABSENTISMO ESCOLAR</i>	62
<i>ANEXO II: PROTOCOLO PARA DE ATENCIÓN EDUCATIVA DOMICILIARIA</i>	62



<i>ANEXO III: PROTOCOLO DE IDENTIDADE DE XÉNERO</i>	<i>62</i>
<i>ANEXO IV: PROTOCOLO PARA O ALUMNADO CON TRASTORNO DO ESPECTRO AUTISTA</i>	<i>62</i>
<i>ANEXO V: PROTOCOLO SOBRE TDAH NA INFANCIA E NA ADOLESCENCIA</i>	<i>62</i>
<i>ANEXO VI: PROTOCOLO XERAL DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO</i>	<i>62</i>



SENSIBILIZACIÓN

A educación para a convivencia responde á necesidade de formar unha cidadanía preparada para respectarse a si mesma e ás demais persoas e para responsabilizarse dos seus actos. O sistema educativo ten aquí un reto importante que é a formación de persoas capaces de afrontar os desafíos actuais de todo tipo. Os centros educativos son espazos onde se comparten vivencias e se aprende a convivir, algo que forma parte das finalidades básicas da educación.

A elaboración do Plan de Convivencia é o resultado dun consenso e implicación de todos os sectores que formamos a Comunidade Educativa (profesorado, familias, alumnado e persoal non docente) para o fomento dunha boa convivencia no centro.

A organización das estratexias que se deben adoptar para educar na convivencia democrática require un consenso da comunidade educativa: -alumnado, profesorado, persoal non docente, pais e nais-, por iso deben ser recollidas nun Plan de Convivencia que formará parte do Proxecto Educativo do Centro e que será o modelo de actuación planificada que conducirá á mellora da convivencia no centro.

FINALIDADE

A finalidade do Plan é:

- A formación do alumnado con respecto aos dereitos e liberdades fundamentais dos membros da comunidade.
- Educar na tolerancia e liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia.
- Mellorar as relacións internas e a cohesión de cada grupo. Esta mellora, ademais de formar aos alumnos e alumnas como cidadás e cidadáns responsables, favorece o clima de relacións escolares que facilitarán a aprendizaxe e o rendemento escolar.
- Desenvolver a motivación do alumnado pola aprendizaxe.

Concibir o Plan de Convivencia como un instrumento destinado a facer do centro educativo un espazo para a aprendizaxe, a resolución de conflitos e a convivencia democrática, como obxectivo final dunha boa educación citando a Delors (1996), “aprender a ser, aprender a vivir xuntos, aprender a facer, aprender a coñecer”.



En consecuencia, o Plan de Convivencia debe formar parte da labor de todo o profesorado do Centro e do Plan de Acción Titorial.

A educación para a convivencia, como parte integrante da función docente, desenvolverase en todas as áreas e materias do currículo, e así mesmo no tempo da titoría.

Abranguerá contidos de habilidades sociais, autoconcepto e autoestima (o conflito é a miúdo a manifestación de problemas de inseguridade, afectividade, etc.), programas de resolución de conflitos, normas de convivencia, comunicación e participación no centro, plan de acollida para o novo alumnado, atención a diversidade ...).

Non vale só coñecer e practicar a normativa. A normativa ataca aos síntomas pero non soluciona o problema .É necesario atender, no que sexa posible, a outra problemática que é a que está debaixo das condutas inapropiadas

Os conflitos son situacións que acompañan a toda persoa ao longo da súa vida individual e colectiva, son parte da existencia humana, polo que debemos elaborar estratexias que nos permitan afrontar ás dificultades e os imprevistos que se nos presenten de forma positiva. Educar no conflito equivale a educar para a convivencia pacífica.

O centro escolar é un mundo complexo e problemático, onde se materializa un conglomerado de pensamentos, sentimentos e accións que xorden con gran rapidez. Debemos potenciar o desenvolvemento persoal e social e a integración de todas as persoas, de xeito que sexamos capaces de enriquecer a súa contorna social e cultural. Por iso o problema non está relacionado só co fracaso escolar senón tamén con outros conflitos. Todos o alumnado debe estudar o mesmo: os bos e boas estudantes, os regulares, e os malos. A isto hai que engadir a etapa pola que atravesan: proceso de cambio físico e de personalidade na que están a afirmarse fronte ao mundo adulto co resultado de contestación e rebeldía. Na ESO, por eses dous factores, danse a meirande parte dos conflitos, que diminúen en Bacharelato e Ciclos Formativos.

Os problemas que se viven nos centros poden ser de varios tipos:

- De relación: entre o propio alumnado ou entre este e o profesorado ...
- De rendemento: pasividade, apatía, falta de esforzo, de responsabilidade ...
- De poder: liderados negativos, arbitrariedade, agresividade verbal e física ...
- De identidade: actitudes pechadas e agresivas, problemas familiares ...



Conflicto non é igual a indisciplina, pero esta última correspóndese con comportamentos disruptivos e antisociais.

A convivencia é un ben común que debe ser preservado. Os conflitos que a erosionan afectan a todos e todas, que debemos facer o posible para prevelos. Cando aparecen problemas de disciplina graves ou demasiado frecuentes é imposible arbitrar solucións individuais, as respostas han ser globais, que afecten a todo o centro. As medidas sancionadoras tenden, case sempre, a marxinar máis ao marxinado. O contexto condiciona as nosas apreciacións do que é ou non é unha conduta conflictiva e condiciona a nosa posible intervención.

Se un centro quere educar ao seu alumnado nun bo ambiente de traballo, solidario e positivo, debe centrar os seus esforzos en conseguir unha mellora continua da participación e da comunicación de todos os membros da comunidade educativa, o que redundará nun bo clima de convivencia.

SITUACIÓN ACTUAL DA CONVIVENCIA NO CENTRO

O enfoque da convivencia no centro ten unha visión construtiva e positiva, polo que as actuacións van encamiñadas ao desenvolvemento de comportamentos adecuados para convivir mellor e á resolución dos conflitos, a través da participación, das boas canles de comunicación e da prevención de problemas de conduta.

No contexto dun centro educativo, no que se dan simultaneamente interaccións entre diferentes persoas, a diferentes niveis e con obxectivos e intereses en ocasións contraditorios entre si, asumimos o feito de que é cotiá a existencia de conflitos de diferente índole. Partimos da base de que o conflito en si non ha de ser considerado como algo evitable ou negativo, senón que a abordaxe e resolución dos mesmos ha de ser positiva, de maneira que o resultado sexa satisfactorio para os diferentes implicados, na medida do posible. O conflito é inevitable e asumímolo como tal, pero temos que consideralo enriquecedor, como a manifestación de que a interacción humana é complexa e cargada de valoracións. Con todo, non debemos confundir conflito con violencia. O conflito podería ser considerado como a perda momentánea de equilibrio. A solución positiva buscaría recuperar ese equilibrio.

Toda esta análise lévanos a expor no noso centro educativo diferentes alternativas ou solucións para regular os posibles conflitos que xurdan. Os modelos de intervención tradicionais, cun carácter marcadamente punitivo e a falta de consecuencias positivas



derivadas dos mesmos, actualmente non son suficientes para conseguir xestionar adecuadamente a convivencia e disciplina dun centro. Os elementos cos que contamos (desde o profesorado, pais e nais, e alumnado ata, as normas de convivencia, o persoal non docente, as comisións de convivencia, departamento de orientación e, no seu caso, outras instancias educativas) han de ser postos ao servizo da xestión e resolución positiva do conflito. Entre estes elementos estaría a mediación, sen menoscabo do principio de autoridade e o réxime disciplinario do centro. Trátase de chegar a solucións compartidas, asumidas e consensuadas cando sexa posible. A continuación exporemos os diferentes mecanismos de intervención en resolución de conflitos, e os elementos que van intervir ou mediar nos mesmos.

ASPECTOS BÁSICOS DE AVALIACIÓN INICIAL

Na actualidade o clima de convivencia no centro é bo. Non se observan serios problemas, aparecendo de cando en vez algún de forma esporádica, que se resolve fundamentalmente co diálogo e con algunha medida disciplinaria de carácter menor. En ocasións tense que tomar algunha medida máis severa. Esta conflitividade, mesmo que baixa, vai desaparecendo nas etapas posteriores do centro (Bacharelato e Ciclos Formativos).

Non se observan problemas moi graves. Estes aparecen principalmente nos primeiros cursos de ESO, e fundamentalmente con alumnos/as pouco motivados para os estudos. Digamos que non ocorriron feitos que alteren gravemente a convivencia, pero prodúcese a miúdo desaxustes e condutas contrarias á norma que é preciso corrixir, porque interrompen o normal desenvolvemento das clases, afectan negativamente ao clima de convivencia e deterioran materiais e recursos do centro.

A fin de coñecer de primeira man a situación da convivencia do centro fixéronse as enquisas enviadas pola Consellería de Educación entre toda a comunidade educativa que reflectiron os seguintes resultados para cada un dos sectores.

ENQUISAS DOS ALUMNOS

Dos resultados pode inferirse que as tres cuartas partes do alumnado consideran que no centro existe unha boa ou polo menos normal convivencia. Polo contrario, unha cuarta manifesta algúns aspectos negativos.

En canto a aspectos máis salientables da enquisa, cabe destacar o seguinte:



Un 64% do alumnado está moi a gusto no centro, contra un 3% que non o está.

A relación entre compañeiros é boa ou normal nun 93% entre o alumnado e nun 91% co profesorado,

En canto a violencia física ou psíquica entre alumnado, o 55,5% afirma non ter sido nunca vítima dela, namentres un 39,6% o foi nalgunha ocasión puntual.

É destacable a carencia de acoso sexual entre o alumnado. Un 83% afirma que non existe, contra un 11% que di que hai pouco.

En liñas xerais, da enquisa desprendese que no centro a convivencia entre alumnado e a visión que este sector da comunidade educativa ten do mesmo é moi positiva, aínda que se pode tratar de por os medios para evitar algúns problemas de violencia verbal ou física producida en contadas ocasións. Dentro dun ámbito onde a relación entre rapaces e rapazas conleva necesariamente unha interacción ás veces problemática é inevitable, pódese afirmar que a normalidade preside a convivencia neste centro.

ENQUISAS DE FAMILIAS

O grao de satisfacción das familias coa convivencia no centro é normal, con tendencia a bo. As respostas dos ítems, considerando como favorables “sempre” e “a miúdo”, dan unha porcentaxe de arredor do 80% .

ENQUISAS DO PROFESORADO

Das respostas do profesorado infírese unha certa preocupación na relación co alumnado, pero xa non tanto con respecto á convivencia como cos resultados académicos. Maioritariamente aféctalles a abulia do alumnado, máis ben que o seu comportamento, que a maioría, considera regular.

Facendo as medias das respostas, despréndese que das situacións negativas que se formulan como posibles no centro o profesorado afirma: nada un 3%, pouco un 40%, regular un 48% e moito un 9%. Polo tanto, a maioría está entre o pouco e regular, o que se considera unha distribución de datos normal. Non hai informacións que destacar nin ningún sesgo cara os extremos “nada” e “moito”.

ENQUISAS PERSOAL NON DOCENTE



A relación co profesorado e o alumnado é boa, nun 66,6% e normal no 33,4% restante, resultando en todo caso unha relación meramente profesional. O 100% responde que a percepción que os demais teñen non é nin boa nin mala, mentres que coas familias parece ser mellor.

A percepción que da convivencia no centro ten o persoal non docente é moi similar á do profesorado, movéndose as respostas entre “pouco” e “regular” practicamente no 100%, con excepción da falta de motivación do alumnado, na que se distribúe máis cara “moito”, pero sen ter un valor significativo.

Facendo un resumo global, cabe dicir que todos os sectores implicados directamente no centro - alumnado, familias, profesorado, e persoal non docente- consideran o estado da convivencia boa, dentro dos parámetros habituais da normalidade que se dan nun centro de educación secundaria, e non existen problemas de gravidade que teñan un carácter habitual, tal como se desprende da enquisa.

Antes de comezar faise necesario delimitar que se entende por conflito escolar. Entendemos o conflito como a confrontación que se produce entre diversos intereses.

Danse tres perspectivas diferentes á hora de entender a conflitividade dentro do ámbito escolar.

Unha é a preocupación do profesor por algunhas condutas, que abarcan a disrupción (alumnado que impiden co seu comportamento o desenvolvemento normal da clase), a falta de respecto e a falta de disciplina son as máis frecuentes.

Outra é a preocupación do alumnado, que se centra nos malos tratos entre iguais, ou illamento.

A terceira, é a preocupación social que se refire especialmente ás agresións e actos vandálicos.

TIPOS DE CONFLICTOS MÁIS FRECUENTES NO CENTRO

Segundo se reflicten nos partes de incidencia emitidos nos últimos anos e segundo o grupo de traballo que elabora o Plan de Convivencia son:



- Disrupción no aula: falta de respecto cara ao profesor/a, falar a destempo, levantarse sen permiso, falar con compañeiros/as,....
- Distracción e falta de atención.
- Esquezo do material para o desenvolvemento da clase.
- Faltas inxustificadas de puntualidade ou de asistencia a clase.
- Desconsideración cara aos compañeiros/as
- Cuestionase a autoridade do profesor/a
- Lixeiros enfrontamentos en espazos comúns (baños, patio, corredores,...), insultos de tipo sexista, ou sobre as características físicas.

O 65 % das amoestacións corresponden a 1º e 2º de ESO

O 25 % das amoestacións corresponden a 3º e 4º de ESO

O 10 % corresponde a alumnado de Bacharelato e Ciclos Formativos

CAUSAS

No **ALUMNADO** podemos atopar falta de motivación, dificultades de aprendizaxe, impulsividade e pouca reflexión, falta de ferramentas para resolver os problemas ou certas situacións adecuadamente, ausencia dun referente de autoridade, ... Non ven no estudo unha vía que lles resolva o futuro. En moitos casos a súa motivación é o diñeiro.

Nalgunhas **FAMILIAS** atopamos falta de colaboración e implicación por parte dos pais e nais nos asuntos escolares, relacionados cos seus fillos/as (non revisan se traen o material a clase, se teñen tarefas para realizar en casa, se estudan, etc.) e ata ás veces, pouca responsabilidade ante o centro, en casos puntuais.

Consideramos que é necesario un cambio de actitude e comportamento en parte do alumnado e as súas familias, insistir nunha serie de normas claras como pode ser a dosificación de horarios de televisión, ordenador e videoxogos, e remarcar uns valores (respecto, solidariedade, compañeirismo, igualdade homes/mulleres...) . En moitos casos os alumnos/as pasan moito tempo sos polos horarios de traballo dos pais.

No **PROFESORADO**, prexudica a falta dun criterio común á hora de actuar en determinados conflitos, e a falta de recursos á hora de xestionar os conflitos dentro da aula.



EFFECTIVIDADE

Aínda que así mellorou a convivencia decatámonos de que non era suficiente e necesitábase levar a cabo acción máis concretas para dar resposta ás distintas situación que se producen a diario, e ós distintos tipos de personalidades que interveñen nas situación de conflito.

CONCRECIÓN DO PLAN

OBXECTO, FINS E PRINCIPIOS DO PLAN

FINS E PRINCIPIOS DO PLAN

- a) Preparar para a vida social adulta
- b) A práctica de valores cívicos e democráticos (respecto polas demais persoas, respecto polo mobiliario, e polos bens comúns, tolerancia crítica, solidariedade, dereitos humanos, medio natural, igualdade entre homes e mulleres,...)
- c) Mellorar o clima escolar (personalización e habitabilidade dous espazos, atmosfera ordenada, tranquila, relacións dentro das aulas, orde e tranquilidade, actitude de traballo, satisfacción,..)
- d) Atender á diversidade.
- e) recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- f) A corresponsabilidade das nais e país ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lle corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- g) Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.



- h) Todas as persoas deben sentirse valoradas, escoitadas, responsables, participativas na toma de decisións

OBXECTIVOS XERAIS

Os obxectivos que se pretenden alcanzar detállanse a continuación:

- I. Coñecer e valorar as características do grupo de alumnos e alumnas, tanto desde ou punto de vista persoal, como no relativo á competencia curricular, ás estratexias de aprendizaxe, a motivación, aos intereses, ás preocupacións e inquedanzas, ás relacións persoais; coa finalidade de producir as respostas educativas adecuadas.
- II. Fomentar a integración do novo alumnado e profesorado, desenvolvendo accións que favorezan a adaptación dos novos alumnos e alumnas, profesores e profesoras, e a súa interacción co resto do alumnado e do profesorado.
- III. Contribuír á formación integral do alumnado, en sintonía cos principios de tolerancia, igualdade, respecto, solidariedade e paz, e cara á participación razoada e responsable na toma de decisións e na solución dialogada dos conflitos.
- IV. Promover a participación das familias na labor formativa, asesorándoas/os e informándoas daquilo que precisen e demanden, en especial, dá importancia dá estimulación dos fillos e das fillas, dá promoción dá súa autonomía, dos valores a considerar, da relación familia-alumnado-profesorado e de todo aquilo relacionado co proceso de ensino-aprendizaxe e coa formación duna sociedade para a convivencia democrática. Aumentando así o desenvolvemento de actitudes cooperativas no tratamento de conflitos, ao buscar xuntos solucións satisfactorias para todos.
- V. Mellorar as relación de igualdade e evitar as discriminacións sexistas.
- VI. Ser capaces de facer ver a todos estes grupos (alumnado, profesorado, familia, persoal non docente do centro) que para crear no centro un ambiente de cooperación e comprensión, así como unha boa convivencia é imprescindible adquirir e desenvolver certas capacidades como: a capacidade de compartir, recapacitar, tolerar, reflexionar, ceder, cooperar, dialogar, recoñecer e valorar os sentimentos, intereses, necesidades e valores propios e dos outros con interese e respecto. etc... Deste xeito teremos os obxectivos operativos para poder comezar a traballar a educación para a convivencia seleccionando as actividades máis adecuadas. Todo sen perder de vista os elementos básicos que debemos adestrar: Autoestima, Autocontrol, Asertividade, Empatía, e proporcionar experiencias de socialización.
- VII. Intentar reducir o número de sancións e expulsións



OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Promover unha cultura de resolución pacífica de conflitos baseada no diálogo.
- Promover a formación permanente do profesorado en temas relacionados coa convivencia.
- Favorecer o traballo en grupo e o traballo cooperativo como metodoloxías nas que se potencia o respecto e a solidariedade entre o alumnado.
- Elaborar protocolos de notificación e actuación ante distintas situacións contrarias a convivencia.
- Manter o equipo de mediación estable no centro.

ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS

ORGANIZACIÓN XERAL DA CONVIVENCIA DO CENTRO

NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO. DEREITOS E DEBERES DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

NORMAS DE CONVIVENCIA

Dúas das finalidades da educación son favorecer a adquisición de **hábitos** de respecto mutuo e transmitir e exercitar os **valores** que fan posible a vida en sociedade. As Normas de Convivencia do centro perseguen eses obxectivos; regulando deberes e dereitos de todos os membros da comunidade escolar, e deben facer posible un clima de responsabilidade, de traballo e de satisfactoria relación.

As **relacións** entre os membros da comunidade escolar (pais e nais, alumnado, profesorado e persoal non docente) están condicionadas por un conxunto de dereitos e deberes.

É preciso concretar as **faltas** a eses deberes: as correccións correspondentes e os procedementos a seguir.

O profesorado e o persoal non docente xa teñen regulamentados os procedementos e as sancións polo incumprimento dos seus deberes. Corresponde á **dirección** e á **inspección** educativa velar polo seu cumprimento. Os pais e as nais tamén están suxeitos a deberes e obrigacións que afectan á educación, a formación e a outras necesidades dos fillos e das fillas regulamentadas coas leis do dereito común. Soamente cabe regular e concretar aquí as faltas, as correccións e os procedementos polo incumprimento dos deberes do alumnado.



Está previsto polas leis que as **situacións correctivas** han de ter en conta que:

As correccións que se apliquen terán sempre un carácter educativo e recuperador e respectarán os dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora das relacións de todos os membros da comunidade educativa.

O alumnado non poderá ser privado do dereito á educación e, no caso da educación secundaria obrigatoria, do seu dereito á escolaridade.

Ningunha sanción pode atentar contra a integridade física ou a dignidade persoal do alumnado.

A corrección será proporcional á falta e terase en conta tanto a idade como a situación persoal, familiar e social do alumnado, salvagardando, en todos os casos, a confidencialidade da información.

Existirán garantías procedimentais.

A Comisión de Convivencia é o órgano encargado de supervisar as correccións.

Serán atenuantes:

- recoñecemento espontáneo da conduta incorrecta.
- A falta de intencionalidade.

Serán agravantes:

- A premeditación e a reiteración.
- abuso dunha situación de privilexio, por efectuarse a falta sobre compañeiros ou compañeiras de menor idade, recen chegados ou chegadas ao centro ou por tratarse dun caso de discriminación.

LÍMITES NA APLICACIÓN DAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

En todo caso, a aplicación das Normas de Organización e Funcionamento desenvolverase tendo en conta unha serie de principios que resumen a esencia do mesmo e que recolleemos aquí:



O desenvolvemento da educación e a convivencia nun marco de tolerancia e respecto á liberdade do individuo, a súa personalidade e conviccións, que non poderán ser turbadas por ningún tipo de coacción nin obrigación de asumir ideoloxías ou crenzas determinadas.

O dereito de todos os membros da comunidade escolar a intervir nas decisións que lles afecten mediante os e as representantes libremente elixidos polos órganos colexiados de control e de xestión.

A orientación dos alumnos e alumnas a fin de que poidan asumir progresivamente a responsabilidade da súa propia educación e das actividades complementarias de tipo cultural e asociativo, recreativo ou similar que enriquezan a súa educación e formación.

O dereito de todos e todas a expresar as súas ideas e opinións, respectando as liberdades académicas que corresponden ao profesorado, sen utilizar nunca o saber como medio de dominación ou manipulación do alumnado.

Asegurar a orde interna que permita conseguir con maior satisfacción os obxectivos educativos do centro escolar.

Asegurar o adecuado cumprimento das normas vixentes que permiten o respecto dos dereitos individuais de quen integra a comunidade escolar.

Vixiar o cumprimento dos deberes e obrigacións inherentes aos dereitos de todas as persoas que compoñen a comunidade escolar.

Vixiar, avaliar e sancionar as normas inherentes ás Normas de Organización e Funcionamento, sempre cun espírito de comprensión e de procura de solucións por encima da represión e o castigo.

Despersonalización das accións punitivas, cando como última vía de solución se chegue a iso, tratando de facer comprender aos e ás integrantes da comunidade escolar que a orde e a disciplina, así como as accións sancionadoras para o seu mantemento, constitúen unha necesidade imprescindible para o desenvolvemento da tarefa educativa no ámbito da escola.

Autoavaliación e proposición de emendas ou variacións ás Normas de Organización e Funcionamento, segundo evolucione e se adapte á realidade escolar, intentando o mellor uso cotián e a mellor operativización na consecución dos obxectivos educativos, sempre a proposta e coa elaboración e aprobación dos órganos establecidos, tanto colexiados como unipersoais.



Coordinar o exercicio das liberdades académicas no marco dos órganos colexiados de xestión, unipersoais de xestión e dos equipos educativos.

DEREITOS E DEBERES DA COMUNIDADE EDUCATIVA

3.4.1.1.2.1 DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO

Dereitos:

- ✓ Recibir unha formación integral e coeducativa que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade.
- ✓ Recibir unha ensinanza de calidade.
- ✓ Ser avaliado obxectivamente e solicitar aclaracións sobre o seu rendemento escolar.
- ✓ Recibir unha formación libre de todo tipo de adoutrinamento, e que sexan respectadas a súa liberdade de conciencia e as súas conviccións éticas e relixiosas.
- ✓ Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- ✓ Participar no funcionamento e na vida do centro.
- ✓ Recibir orientación escolar e profesional.
- ✓ Recibir as axudas precisas para compensar as posibles carencias de tipo familiar, económico e sociocultural.
- ✓ Asociarse e reunirse dentro dos termos establecidos.

Deberes:

- ✓ Estudar e respectar o dereito ao estudo dos seus compañeiros e compañeiras.
- ✓ Asistir puntualmente ás clases e co material preciso.
- ✓ Participar na vida escolar e organizativa do centro, así como na mellora da convivencia escolar.
- ✓ Respectar as instalacións e mobiliario do centro, repondo os danos causados.
- ✓ Respectar a compañeiros e compañeiras e demais persoal do centro, tanto no que atinxe ao aspecto físico, como moral e relixioso, e tendo moi presente a igualdade de dereitos entre mulleres e homes.



- ✓ Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias.
- ✓ Non fumar dentro do recinto escolar e colaborar na consecución duns hábitos hixiénicos e saudables.
- ✓ Coñecer e cumprir as normas deste regulamento, tanto no centro como noutros lugares onde se realicen actividades organizadas polo centro.

3.4.1.1.2.2. DEREITOS E DEBERES DO PROFESORADO

Dereitos:

- ✓ No desempeño das súas funcións, todo o profesorado ten dereito a impartir as súas clases en condicións que garantan o respecto a súa dignidade persoal e profesional; e será función dos órganos de goberno do centro velar polo exercicio efectivo deste dereito.
- ✓ Liberdade de cátedra.
- ✓ Participar na elaboración do PEC, e demais Plans ou Programas que existan no centro, así como no deseño e programación das áreas ou materias do seu departamento.
- ✓ Formar parte dos órganos directivos do centro.
- ✓ Participar nas actividades escolares e extraescolares do centro.
- ✓ Recibir unha formación permanente.
- ✓ Dispor dos medios e condicións necesarios para levar a cabo a súa actividade docente e/ou administrativa.

Deberes:

- ✓ Respetar o PEC, e actuar en consecuencia.
- ✓ Procurar impartir unha ensinanza de calidade.
- ✓ Fomentar a capacidade e a actitude crítica do alumnado, desbotando todo tipo de manipulación.
- ✓ Asistir puntualmente a todas as actividades sinaladas no seu horario persoal, así como a todo tipo de reunión á que sexa convocado polo equipo directivo do centro: claustros, xuntas de avaliación, reunións de dpto., titorías, etc
- ✓ Por en coñecemento da dirección, profesorado de garda ou quen corresponda a non asistencia ou o abandono xustificado das súas funcións.
- ✓ Controlar as faltas de asistencia do alumnado e comunicalas a quen corresponda.
- ✓ Recibir e informar ao alumnado, familias e responsables legais do rendemento escolar daqueles e daquelas.



- ✓ Velar pola disciplina e a orde tanto na aula como no recinto escolar, e informar a quen corresponda dos comportamentos que atenten contra aquelas e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- ✓ Non fumar dentro do recinto escolar .
- ✓ Coñecer as Normas de Organización e funcionamento do centro e cumprilas, procurando ser un exemplo e ter forza moral para corrixir ao alumnado nas súas faltas.

3.4.1.1.2.3. DEREITOS E DEBERES DOS PAIS O NAIS OU TITORES E TITORAS

Dereitos:

- ✓ Colaborar, como primeiros educadores, na educación integral dos seus fillos e das súas fillas.
- ✓ Ser informados das Normas de Organización e Funcionamento do centro, así como de todo o relativo á ensinanza e formación dos seus fillos e fillas, especialmente faltas de asistencia e resultados de avaliacións.
- ✓ Solicitar aclaracións e posibles rectificacións sobre o rendemento académico do seu fillo ou filla.
- ✓ Ser recibidos polo titor ou titora, o profesorado ou membros do equipo directivo.
- ✓ Participar no funcionamento do centro a través dos seus ou das súas representantes no Consello Escolar ou nas asociacións de nais e pais.

Deberes:

- ✓ Participar activamente na consecución dos fins e obxectivos propostos polo centro.
- ✓ Acudir ao centro cando sexan requiridos pola dirección, titor/a, orientador/a ou profesorado.
- ✓ Asistir as reunións colectivas convocadas pola dirección ou titor/a.
- ✓ Coñecer as normas establecidas polo centro, respectalas e facelas respectar.
- ✓ Fomentar o respecto por todas as persoas da comunidade educativa.
- ✓ Colaborar co centro na prevención e corrección das condutas contrarias ás Normas de Convivencia.

3.4.1.1.2.4. DEREITOS E DEBERES DO PERSOAL NON DOCENTE



Dereitos

- ✓ Realizar lo seu traballo nas mellores condicións e cos medios apropiados.
- ✓ Ser escoitado pola dirección e Consello Escolar cando se propoñan suxestións para mellorar o funcionamento do centro.
- ✓ Participar na vida do centro a través do seu ou da súa representante no Consello Escolar.
- ✓ A ser respectado e valorado no exercicio das súas funcións.

Deberes

- ✓ Colaborar nos fins e obxectivos propostos polo centro.
- ✓ Colaborar coa dirección e o profesorado nas tarefas educativas.
- ✓ Atender ás persoas que requiran a súa información e axuda.
- ✓ Os e as conserxes velarán polo bo uso e coidado das instalacións e o mobiliario e comunicarán ao equipo directivo os danos ocasionados e as persoas responsables.
- ✓ Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar, gardando a debida reserva e sxiilo profesional.

CONDUTAS CONTRARIAS A CONVIVENCIA E Á SÚA CORRECCIÓN

FALTAS LEVES:

1. Deterioro non grave, causado intencionalmente nas dependencias do centro, no material deste ou nos obxectos ou pertenzas doutros membros da comunidade educativa e das condutas que afecten á propia saúde e a doutros membros da comunidade escolar.
2. Guindar desperdicios, xices, borradores e outros obxectos.
3. Ensuciar chan, paredes, teito, mesas, cadeiras ou calquera outro obxecto.
4. Deteriorar levemente materiais didácticos e deportivos, mesas, asentos, papeleiras, portas, cristais, luces, aseos,...
5. A falta de hixiene persoal, fumar dentro do recinto escolar, ensuciar o chan.
6. Lanzar obxectos contra as persoas.
7. Traer ao instituto obxectos perigosos, navallas, láser,...



8. Manexar negligentemente obxectos, instrumentos e materiais de laboratorios e talleres.
9. Actos inxustificadas que perturben levemente o normal desenrolo das actividades do centro.
10. Condutas que alteren as clases ou as actividades docentes: falar na clase, rir a destempo, berrar, producir ruídos e alborotos, comer nas clases, mascar chicle, facer soar teléfonos móbiles ou pitos dos reloxos, usar auriculares, arrastrar as cadeiras
11. Obstaculizar o acceso aos locais ou as aulas.
12. Non devolver os materiais ou os libros da biblioteca nos prazos establecidos.
13. Non colaborar nas actividades da aula.
14. Condutas impropias nun centro educativo: usar unha linguaxe incorrecta para relacionarse cos demais, adoptar xestos ou posturas irrespectuosas,...
15. A inasistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade segundo se recolle no punto 5 destas Normas de Organización e funcionamento.
16. Manipular as consignas fora do horario establecido e sen a autorización expresa do profesorado.

AS CORRECCIÓNS DAS FALTAS LEVES:

As condutas contrarias ás normas de convivencia no centro poderán ser corrixidas con:

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante o Xefe ou Xefa de Estudos.
- c) Realización de traballos específicos en horario non lectivo.
- d) Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro ou, se procede, dirixidas a reparar o dano causado ás instalacións ou ao material do centro ou ás pertenzas doutros membros da comunidade educativa.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro.
- f) Cambio de grupo por un prazo máximo dunha semana.
- g) Suspensión do dereito de asistir a determinadas clases por un prazo máximo de tres días. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno ou alumna deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os



deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

Serán **competentes** para decidir estas correccións:

Profesorado do alumno/a, oído este, as correccións que se establecen nos parágrafos a) e b), dando conta ó titor/a e ó Xefe/a de Estudos.

O/A **titor/a**. Oído/a o alumno/a, as correccións que se establecen nos parágrafos a), b), c) e d).

Xefe/a de Estudos e o/a **Director/a**, oído o alumno/a e o seu profesor/a ou titor/a, as previstas nos parágrafos b), c), d), e) e f).

A Dirección, a establecida no parágrafo g) h) ,. O **Director/a**, oído o titor/a, tomará a decisión tras oír ó alumno/a e, se é menor de idade, á súa familia, nunha comparecencia da que se levantará acta. O Director/a aplicará a corrección prevista no parágrafo g) h) sempre que a conduta do alumno/a dificulte o normal desenvolvemento das actividades educativas.

NOTAS IMPORTANTES:

As condutas contrarias ás normas de convivencia no centro consideradas faltas leves **prescribirán** no prazo dun mes, contado a partir da data da súa comisión. As correccións impostas como consecuencia destas condutas prescribirán á finalización do curso escolar.

Os/As profesores/as e o persoal non docente teñen **obriga** de amoestar aos/ás autores/as de calquera das faltas leves citadas. O persoal non docente comunicará a falta ao/á Xefe/a de Estudos. Cando se trate de deterioros, as **sancións** consistirán, principalmente, en arranxar o deterioro producido, mediante a recollida de papeis e lixo; a limpeza das mesas, asentos, paredes e teitos; o arranxo ou reposición dos obxectos deteriorados, etc. A reiteración destes feitos seralle comunicada ao/á Xefe/a de Estudos e ao/á titor/a, quen llelo comunicará á familia, ao responsable legal ou ao/á propio/a alumno/a, se fose maior de idade, nas informacións dadas periodicamente ou con motivo das avaliacións.

FALTAS GRAVES :

Consideraranse faltas graves:

1. Os actos de indisciplina, inxuria ou ofensa grave contra os membros da comunidade educativa. Por exemplo:



- a. A desobediencia a un/ha profesor/a ou a un membro do persoal non docente cando o estea amoestando pola comisión dunha falta.
 - b. A falta de respecto a calquera membro da comunidade educativa.
 - c. As malas contestación a profesores/as ou a membros da comunidade educativa.
 - d. Os insultos aos/ás compañeiros/as, e o uso de alcumes despectivos e linguaxe groseira e, en particular, as actuacións que constitúan acoso escolar.
 - e. As inxurias ou ofensas de palabra ou feito que atenten contra o honor profesional e a dignidade persoal.
 - f. Os comentarios sarcásticos e as críticas despectivas.
 - g. A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, á dignidade da persoa, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.
 - h. A reiteración nun mesmo curso de faltas leves contra as normas de convivencia. Por tal motivo, poden considerarse como falta grave cinco faltas leves realizadas durante o mesmo curso.
2. O incumprimento das sancións impostas.
 3. A agresión grave tanto física como moral e a discriminación grave contra os membros da comunidade educativa. Por esta razón, poden estimarse como faltas graves os actos violentos ou agresivos, tanto individuais como colectivos, contra calquera membro da comunidade escolar.
 4. As actuacións prexudiciais contra a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa ou a incitación ás mesmas. Por esta causa, poden considerarse faltas graves:
 - a. O consumo de sustancias prexudiciais para a saúde.
 - b. A incitación ao consumo de tales sustancias.
 - c. O comercio ou a facilitación de tales sustancias tanto no recinto escolar como nas súas proximidades.
 5. A suplantación da personalidade nos actos da vida docente, a subtracción e a falsificación de documentos académicos. Poden considerarse condutas de suplantación da personalidade:
 - a. Identificarse falsamente co nome doutra persoa cando vaia ser amoestado.
 - b. Asinar coa identidade doutro/a compañeiro/a.
 - c. Suplantar a outro/a compañeiro/a nos actos realizados no centro.



- d. Asemade, poden xulgarse como condutas de falsificación de documentos académicos:
 - i. Alterar documentos do centro e do profesorado tales como: informes de avaliación, notificacións ás familias, exames e exercicios, libro de escolaridade, etc.
 - ii. Interceptar notificacións do instituto destinadas ás familias.
- e. Por último, entrarían dentro das condutas de subtracción de documentos accións como:
 - i. A subtracción do parte de clase.
- 6. Os danos graves causados intencionadamente mediante un uso indebido nos locais, o material e os documentos do centro así como nos bens dos membros da comunidade educativa. Será considerado dano grave cando o deterioro producido requira unha fonda reparación ou un elevado custe económico. Poden ser considerados danos graves, por exemplo:
 - a. A rotura ou o dano grave causado nos locais ou materiais do centro: aulas, laboratorios, biblioteca, corredores, ordenadores, libros, servizos, zonas deportivas, asentos, mesas, luces, pizarras, fachadas, árbores, plantas, etc.
 - b. A rotura ou dano grave provocado nos bens ou pertenzas de calquera membro ou visitante do instituto: libros, material didáctico, obxectos persoais, motos, coches, etc.
- 7. Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro. Entrarían neste apartado actos como as falsas ameazas de bomba.

AS CORRECCIÓNS DAS FALTAS GRAVES

As faltas graves poden ser corrixidas dos seguintes modos:

- a) Mediante a realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro ou, se procede, dirixidas a reparar o dano causado ás instalacións ou ao material do centro ou as pertenzas doutros membros da comunidade educativa. Estas tarefas deberán realizarse en horario non lectivo. É posible, asemade, sancionalas co pagamento do importe da reparación do obxecto danado ou a compra do seu substituto.
- b) Coa suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro entre dúas semanas e un mes.



- c) Mediante o cambio de grupo (preferentemente, aquelas relacionadas cos problemas de convivencia e relación entre o alumnado).
- d) Coa suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o cal o/a alumno/a poderá acceder ao centro para realizar as actividades de avaliación programadas. Durante o tempo que dure a suspensión, o/a alumno/a deberá realizar os mesmos traballos que se encomenden ao grupo, a fin de evitar a interrupción do seu proceso formativo.
- e) Coa suspensión do dereito de asistencia ao centro durante un período de entre catro días lectivos e un mes, sen que supoña a perda do dereito á avaliación continua. Durante o tempo que dure a suspensión, o/a alumno/a deberá realizar os mesmos traballos que se encomenden ós/ás seus compañeiros/as de grupo, evitando así a interrupción do proceso formativo.
- f) Cando un/ha alumno/a cometa dúas ou máis faltas graves e a súa presenza no centro impida o normal desenvolvemento da vida escolar ou sexa un obstáculo para a convivencia, en último termo poderá solicitarse da administración educativa o seu cambio de centro.

NOTA IMPORTANTE:

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro prescribirán no prazo de catro meses, contados a partir da data da súa comisión. As correccións impostas como consecuencia destas condutas prescribirán á finalización do curso escolar.

EXPEDIENTES DISCIPLINARIOS. AS GARANTÍAS PROCEDIMENTAIS:

O procedemento para tramitar os **expedientes disciplinarios** someterase ás seguintes normas:

A instrución do expediente será levada a cabo por un/ha profesor/a do centro designado polo/a director/a ou a proposta do Observatorio de Convivencia do consello escolar. A incoación do expediente seralle comunicada aos/ás pais/nais ou titores/as legais se o/a alumno/a é menor de idade.

Excepcionalmente, o/a Director/a, no momento de instruírse o expediente, ou en calquera outro momento, por decisión propia ou petición do/a instrutor/a, poderá adoptar as medidas provisionais que estime convenientes, tales como o cambio de grupo do/a alumno/a ou a suspensión do seu dereito de asistencia ao centro por un período non superior a cinco días.



A instrución do expediente deberase acordar nun prazo máximo de doce días desde que se tivo coñecemento dos feitos ou condutas merecentes de corrección.

Unha vez instruído o expediente, darase audiencia ao/á alumno/a e tamén aos/ás pais/nais ou titores/as, se fose menor de idade, comunicándose os feitos que lle son imputados e as correccións que se propoñen, do cal se estenderá acta.

Para a instrución do expediente, serán escoitados o/a profesor/a titor/a, o/a delegado/a e os/as profesores/as do grupo. Asemade, poderá ser solicitado un informe psico-sociolóxico ou familiar, cando se considere necesario.

Ó inicio da incoación, a tramitación e a resolución do expediente seranlle comunicadas ao Servizo de Inspección.

A resolución do procedemento pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva. Contra esta resolución do Director ou Directora cabe instar a revisión ante o Consello Escolar no prazo de dez días lectivos no termos previstos na alínea f) do artigo 127 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

MEDIDAS CORRECTORAS ANTE A ACUMULACIÓN DE FALTAS DE ASISTENCIA NON XUSTIFICADAS.

Cando o alumnado de bacharelato teña faltas de asistencia ou puntualidade que non sexan xustificadas en tempo e forma ante o titor ou titora estará a cometer unha falta leve (Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa). No caso de superar o 10 % do horario do período de referencia (mes) ou das horas dunha materia en concreto, ditas faltas serán corrixidas coas seguintes medidas:

A 1ª vez que se produza en todo o curso: Amoestación privada ou por escrito por parte do titor/a que o recollerá nun rexistro onde conste día, hora e número de faltas acumuladas.

No caso de repetirse dita falta no mesmo mes ou en meses posteriores poderán aplicarse as seguintes medidas:

Comparecencia ante a Xefatura de Estudos remitido polo titor/a xunto co rexistro da 1ª amoestación. Desta comparecencia levantarase acta coa firma do alumno/a, e no caso de menores de idade comunicación á súa familia, onde constará a advertencia das medidas que procederá aplicar de seguir acumulando faltas de asistencia.



Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do Centro.

Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo de suspensión o alumnado deberá realizar os deberes e traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

FALTAS DE PUNTUALIDADE

A incorporación do alumnado á aula despois de soar o timbre que marca o seu inicio terá a consideración de falta de puntualidade.

Estas serán consideradas xustificadas cando respondan a algunha das causas recollidas no apartado anterior de faltas de asistencia.

As faltas de puntualidade inxustificadas serán tratadas segundo os seguintes puntos:

Cada 3 faltas de puntualidade non xustificadas converteranse nunha falta de asistencia.

O alumnado non poderá incorporarse á clase se pasan máis de 5 minutos do inicio da mesma. Deberá acudir ó espazo reservado para esas situacións onde deberá permanecer en silencio e traballando. O profesorado de garda será o encargado que comprobar o cumprimento desta norma

A persistencia en faltas de puntualidade (máis de 3 por período) provocará que o titor/a inicie o protocolo de absentismo convocando ás familias a unha reunión para a corrección da situación. Ademais tampouco poderá incorporarse á aula aínda que o retraso sexa menor aos 5 minutos.

O profesorado afectado polos retrasos deberá enviar ao alumnado pertinaz neste tipo de faltas á aula de atención educativa con traballo para facer e pasar comunicación da reiteración á Xefatura de Estudos.

FALTAS EN SESIÓNS PREVIAS A EXAMES

Terán unha consideración especial as faltas de asistencia nas sesións previas a exames polo que supón de menosprezo á materia e a distorsión que provoca cando o número de alumnos/as ausentes é importante.



Así a xustificación desas faltas so poderá facerse coa documentación requirida nos puntos 1 e 2 da xustificación das faltas de asistencia á clase.

FALTAS DE ASISTENCIA A EXAMES OU PROBAS PROGRAMADAS.

Ante a importancia que os exames ou probas programadas teñen para a avaliación do alumnado, o profesorado so estará obrigado a repetir un exame ou proba a un alumno/a cando a xustificación sexa acompañada coa documentación requirida nos puntos 1 e 2 das faltas de asistencia ás clases.

AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

O alumnado so poderá acudir á aula de convivencia cando sexa derivado por un profesor/a do Centro.

O profesor/a que envía a un alumno ou alumna á aula de convivencia é responsable de confirmar a súa asistencia a dita aula.

O profesor/a que envía a un alumno ou alumna á aula de convivencia ten a obriga de indicarlle o traballo que deberá desenvolver nela así como comprobar que o fixo.

Debido ás reducidas dimensións da aula tentaremos non enviar máis de dous ou tres alumnos/as, principalmente nos recreos. No caso de ser máis o profesor/a tentará buscar un espazo onde acudir co alumnado para aplicar a medida correctora.

O profesor/a que fai a garda na aula de convivencia é responsable de anotar no correspondente rexistro a todo o alumnado que acuda á aula.

O profesor/a que fai a garda na aula de convivencia tentará axudar e facer un seguimento do traballo realizado polo alumno/a.

Condicións de permanencia na aula:

O alumnado que permaneza na aula deberá estar en silencio e facendo o traballo que corresponda

O alumnado deberá permanecer nela ata que o profesor/a permítalle a saída.

Cando teña que acudir nos recreos non se poderá retrasar máis de 4'. No caso de facelo deberá completar o resto do tempo e ademais voltar á xornada seguinte.



Nos períodos de recreo o alumnado disporá de entre 5 e 10' para as súas necesidades persoais.

COMISIÓN DE CONVIVENCIA ESCOLAR DO CENTRO

DEFINICIÓN:

A comisión de convivencia terá carácter consultivo e desempeñará as súas función por delegación do consello escolar para facilitar o cumprimento das competencias que, en materia de convivencia escolar, ten asignadas o consello escolar.

COMPOSICIÓN:

Deberán estar representados, de forma equilibrada, mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa:

- ✓ o/a director/a do centro, que presidirá.
- ✓ o/a xefe/a de estudos.
- ✓ de un a catro representantes do profesorado
- ✓ orientador/a do centro
- ✓ Un/unha representante do alumnado.
- ✓ Un /una representante das familias.
- ✓ Un/unha representante do persoal non docente
- ✓ Titores/as relacionados co tema a tratar en cada sesión.

FUNCIÓNS:

- Elaborar o plan de convivencia do centro.
- Elaborar un informe anual da análise da convivencia.
- Informar trimestralmente ao Consello Escolar
- Coordinar as actuacións conxuntas dos ámbitos implicados relacionados coa mellora do clima de convivencia.
- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Recoller inquietudes, suxerencias e propostas (de todos os estamentos) para a mellora das relacións e a consecución dunha convivencia saudable.
- Propor protocolos de actuación ante as necesidades e conflitos da vida cotiá.



PROTOCOLOS E PROGRAMAS ESPECÍFICOS

PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN E O CONTROL DO ABSENTISMO ESCOLAR

Adóptase o protocolo da Consellería ás necesidades da situación concreta. Anexo I

PROTOCOLO PARA DE ATENCIÓN EDUCATIVA DOMICILIARIA

Adóptase o protocolo da Consellería ás necesidades da situación concreta. Anexo II

PROTOCOLO DE IDENTIDADE DE XÉNERO

Adóptase o protocolo da Consellería ás necesidades da situación concreta. Anexo III

PROTOCOLO PARA O ALUMNADO CON TRASTORNO DO ESPECTRO AUTISTA

Adóptase o protocolo da Consellería ás necesidades da situación concreta. Anexo IV

PROTOCOLO SOBRE TDAH NA INFANCIA E NA ADOLESCENCIA

Adáptase o protocolo da Consellería ás necesidades dos alumnos, trabállase especialmente en reforzo e apoio o en sesións de tutoría, adaptándose á situación concreta de cada alumno ou grupo de alumnos. Coordinados por Orientación, os responsables son os profesores con alumnos con esta problemática.

Anexo V

PROTOCOLO XERAL DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO

Adóptase o protocolo da Consellería ás necesidades da situación concreta.

Para determinar se se da a situación de acoso e actuar en consecuencia. Cando se descarta que o conflito sexa unha situación de acoso escolar procédese a utilizar outras medidas ou protocolos, como mediación escolar, aula inclusiva, etc. Anexo VI

ALUMNADO INMIGRANTE. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN

ACOLLIDA DO PAI/NAI E DO ALUMNO/A



POR PARTE DA DIRECCIÓN E DO FUTURO TITOR/A.

Presentaranse e daránlle-la benvida.

No caso de que os recién chegados sexan de lingua estranxeira sería aconsellable que nesta reunión estivera presente algunha persoa do Centro (profesor/a,alumno/a...) que fale a súa lingua,para facilita-lo seu proceso de incorporación.

Temos que ter en conta que o tipo de acollida que o alumno/a e a súa familia reciben ó chegar ó Centro,vai condicionar de xeito importante o seu proceso de aprendizaxe.

Canto máis se lles oriente,se lles apoie e se lles faga un bo seguimento do seu proceso de adaptación,dos seus avances e das súas necesidades e dificultades persoais,máis favorable será esa adaptación tanto para o alumno/a,coma para o Centro,xerando vantaxes para todos.

INTERCAMBIO DE INFORMACIÓNS.

INFORMACIÓN DESDE A FAMILIA

PAÍS DE ORIGE O Orientador/a acollerá ós recién chegados e recadará datos da familia e do alumno/a que vai acceder ó Centro Escolar.Eses datos serán estritamente confidenciais.

Procurarase, polo tanto, coñecer aspectos relevantes das condicións de vida nas que se atopa a familia e que poidan condicionar a escolarización do alumno/a, lingua ,costumes,etc

VALORES OU OUTROS DATOS CULTURAIS que a familia considere moi importantes na formación intelectual,moral ou espiritual do seu fillo/a,e que desexen que sexan tidos en conta no seu proceso educativo.

SITUACIÓN NO PROCESO DE INMIGRACIÓN DA FAMILIA: (legais/ilegais...) que levará unha posible orientación cara a Servizos de Benestar Social,ONGS ou outros organismos que faciliten a súa estancia,integración ou establecemento no país.



SITUACIONES PERSOAIS DA FAMILIA:separada en varios países, desestructurada, en previsión de reagrupamento, reagrupada,etc.

NIVEL DE ESTUDOS DO PAI,NAI OU RESPONSABLE DO ALUMNO/A.

VIVENDA.

SITUACIÓN LABORAL DOS CABEZAS DE FAMILIA.

TEMPO DO QUE DISPOÑEN PARA A ATENCIÓN DO SEU FILLO/A NA CASA E PARA ASISTIR Ó CENTRO cando sexa necesario ,solicitándolles teléfonos ou direccións para manterse en contacto.(Podendo propoñerlles solucións como actividades extraescolares, asistencia a clases polas tardes no Centro,etc,que evitarán a permanencia dos rapaces/as sos na casa.).

INFORMACIÓNS ESPECÍFICAS DAS PERSOAS QUE COMPOÑEN O AGRUPAMENTO

FAMILIAR:persoas(nenos/as, adultos,anciáns) con carencias
coma:discapacidades,enfermidades,problemas de aprendizaxe,etc.

INFORMACIÓN CONCRETA SOBRE O ALUMNO/A QUE ACCEDE Ó CENTRO ESCOLAR:

- a) **Ámbito legal:** A súa situación legal no país.

- b) **Ámbito sanitario :**Cartilla de vacinas, enfermidades, necesidades particulares (anteollos, próteses, cadeira de rodas, etc.)
- c) **Ámbito escolar:** Anos de escolarización,presentando o Libro de Escolaridade ou unha declaración xurada do pai,nai ou persoa responsable do alumno/a,xustificando a súa escolarización previa no seu país de orixe.
 - Datos académicos deses anos.
 - Outros estudos realizados polo alumno/a (musicais,técnicos,etc)
 - Posibles carencias.
 - Necesidades instrumentais (lecto-escritura, cálculo,etc.)
- d) **Ámbito das relacións persoais ou habilidades sociais:** Sinalando as capacidades ou habilidades de relación do alumno/a,tanto positivas(capacidade de diálogo,respecto cara ós demais,etc), como algúns trazos do seu carácter (timidez, agresividade,etc) que poidan influírle negativamente para unha normal e positiva integración no Centro Escolar.



INFORMACIÓN PARA A FAMILIA

Ó pai e á nai ou á persoa ó cargo da cal se atope o alumno/a ,en reunión previa ó seu ingreso no Centro Escolar e na Aula de Referencia.(Ás veces será necesario solicitar “mediadores/as culturais”,non só coma tradutores/as senón tamén coma coñecedores/as dos inmigrantes.)

Esta reunión terá coma **obxectivo informarlles sobre:**

O NOSO SISTEMA EDUCATIVO:

- Ofertas existentes ,etapas,
- Funcionamento do Centro,plans de estudo,metodoloxías,promoción ...
- Posibles bolsas de estudos e outras axudas,dado que a visión que a familia ten da escola depende moito da súa orixe cultural e da valoración que fan da escola tradicionalmente na súa familia.

O CENTRO ESCOLAR:(É conveniente entregarlles por escrito as cousas máis básicas que conforman a vida escolar.)

- Horarios.
- Calendario escolar.
- Normas de convivencia do Centro.
- Períodos de Avaliación.
- Transporte escolar.
- Comedor.
- Actividades extraescolares no Centro ou actividades de tempo libre promovidas pola Asociación de Pais e Nais,as Corporacións Locais ou as Organizacións de Servizo á Comunidade.
- Actividades de reforzo no Centro,durante o horario lectivo ou fóra do horario escolar,polas tardes.
- Plan de apoio personalizado por parte do Departamento de Orientación.
- Aspectos esenciais do Proxecto Educativo do Centro.



- Información sobre as características do proceso de “acollida” establecido polo Centro.
- Criterios de adscrición do seu fillo/a á aula.
- Materias que vai cursar.
- Cal é o seu titor/a e cal é o seu papel.
- Criterios de Avaliación de Ciclo.
- Tipos de axudas económicas existentes e procedementos para acceder ás mesmas.

A ATENCIÓN Á MULLER: Parece conveniente prestar unha especial atención dende a escola ás nais, sobre todo nos casos en que teñan maior dificultade para comunicarse na lingua de acollida, ben por ter menos oportunidades para aprender, como polo seu menor grado de alfabetización previa ou por outras razóns, para evitar que a falta de información as manteña en situación de inferioridade con respecto ós demais membros da súa familia, tendo en conta ademais o papel primordial que a muller xoga na integración do seu grupo familiar na sociedade de acollida, e que deste xeito se reforzaría o vínculo familia-escola no relativo ó proceso educativo dos seus fillos/as.

INFORMACIÓN DO ALUMNO/A:

- Partindo da súa orixe, idioma, cultura de procedencia e anos de escolarización **tentar conseguir:**
- A opinión persoal do alumno/a fronte ó abandono do seu país, familiares, amizades...**¿COMO SE SENTE?**
- Expectativas do alumno/a ante esta nova etapa da súa vida...**¿QUE DESEXA OU ESPERA?**
- Posicionamento ante o estudo...**¿QUE ACTITUDE VAI TOMAR?**
- Toma de conciencia das súas capacidades e valores...**¿QUE APTITUDES CRE QUE TEN E PODE APROVEITAR?**
- Os seus gustos persoais ,para poder encamiñalo a actividades extraescolares...**¿QUE AFECCIÓNS TEN?**



- Realización de probas de nivel por parte do equipo de Orientación para poder asignalo/a a un curso e aula axeitados. (**É conveniente o seguimento e a avaliación individualizada ó longo de cada trimestre,valorando o seu avance e mellora..**)

INFORMACIÓN PARA O ALUMNO/A:

Partimos da idea de que o alumno/a debe ser escolarizado/a ,por lei dende a súa chegada a Galicia,sen necesidade algunha de esperar ó comezo do novo curso.

Así,sen demora,farase a presentación

- Da persoa ou persoas de referencia,ás que poderá acudir ,no caso de necesidade, ó longo do curso(orientador/a,titor/a,outro alumno/a que fale a súa lingua,etc...)
- Das normas do Centro:-Dereitos e deberes dos alumnos.
- Normas de convivencia escolar.
- Normas disciplinarias.
- Dos Proxectos Educativos que se están a desenvolver no Centro: ESO,Bacharelato de Artes,Científico,Humanístico,Ciclos Formativos de Educación Infantil e de Laboratorio Químico.
- Das actividades extraescolares de ocio (lúdico-deportivas),que enriquecerán a vida social dos recién chegados/as e o encontro de distintas culturas.

- Presentación do Centro e das súas instalacións :Secretaría, Dirección,Sala do Profesorado,Biblioteca,Laboratorio,Sala de Vídeo,Sala de usos Múltiples, Aula de Música,Ximnasio...,nas que o novo/a alumno/a vai desenvolve-las súas actividades,así como a súa Aula de Referencia

ADSCRIPCIÓN Ó GRUPO DE REFERENCIA:

É conveniente adscribi-lo alumno/a a un curso,tendo en conta non só a súa idade cronolóxica,senón tamén a súa madurez e os seus coñecementos curriculares,para facilita-la súa integración educativo-afectiva cos demais compañeiros/as.



A DECISIÓN DA ADSCRIPCIÓN será tomada conxuntamente por: Orientador/a + Xefatura de Estudos + Coordinador/a de Ciclo. tendo en conta **OS CRITERIOS BÁSICOS DA ADSCRIPCIÓN**, e os prantexamentos do Centro para a Atención á Diversidade :

- Dispoñer de tempos e espazos nos que se leve a cabo o estudo intensivo da lingua de acollida. (Punto prioritario e esencial cos alumnos de lingua estranxeira.)
- Evita-la concentración de alumnos/as de distintos países na mesma aula.
- Incorpora-los/as alumnos/as recién chegados a cursos máis acolledores pola súa costume de traballar en grupos cooperativos, grupos de recuperación, ou onde o profesorado estea máis acostumado ou experimentado na xestión de aulas máis adaptativas.
- Vincula-lo alumno/a a unha persoa ou persoas de referencia (titor/a, cotitor/a, profesor/a do seu ciclo, etc...) para garanti-lo seguimento do seu traballo e avances. (**Sería bo a creación da figura do cotitor/a ,para facilita-la tarefa do titor/a, servindo como apoio no seguimento das dificultades, hábitos escolares e necesidades emocionais do alumno/a inmigrante recién chegado/a.**)
- Facerlle saber ó alumno/a a importancia do “ hábito de traballo” e das “habilidades sociais” para unha boa convivencia escolar.
- Facer que o alumno/a vexa a avaliación e a acción titorial coma unha axuda dentro da súa aprendizaxe.
- É importante posibilitar unha atención específica para as nenas e rapazas adolescentes, xa que nalgúns casos poden reproducirse a sociedade de acollida patróns de marxinación cara á muller propios da súa cultura de orixe. Polo tanto, será necesario vixia-la súa asistencia ó Centro, que non haxa abandono prematuro da escola, a súa participación en actividades de tempo libre, tratando esta problemática coa familia e quizais con maior énfase coas nais, coas que se fará tamén un traballo específico dende o Centro.
- Antes da incorporación do alumno/a á Aula de Referencia, a Dirección ou o Departamento de Orientación entregará toda a Información necesaria ós profesores que lle van dar clase, para facilita-lo seu traballo e unha mellor acollida do alumno/a ó Centro.

ACOLLIDA NA AULA DE REFERENCIA:

Presentación do alumno/a ós seus compañeiros/as por parte do seu titor/a, do xeito máis integrador posible (xogo cooperativo, de rol...)



Estudo previo do alumno/a, por parte de cada profesor/a en cada unha das materias, para coñecer-lo nivel do que parte o alumno/a e poder así diagnosticar-las súas habilidades ou as súas carencias instrumentais (lecto-escritura, operacións básicas, nivel de competencia comunicativa en galego ou en castelán, etc...).

Valora-lo que o alumno/a é capaz de facer só, coa axuda do profesor/a ou dos seus compañeiros/as.

Ó longo do curso o alumno/a será sometido a diferentes probas en cada materia: a. a)- Probas de Nivel: para asignar a un curso ou clase apropiadas.

Probas de Progreso: en diferentes momentos do curso, para comprobar-lo que aprendeu o alumno/a.

Probas de Aproveitamento: similares ás anteriores, pero feitas ó final do curso. Normalmente baseadas no programa dese curso ou no libro de texto.

Probas de Dominio: Para ver se o alumno/a adquiriu un certo nivel de competencia nunha área específica dunha materia.

Probas de Diagnose: nas que se pretende identificar-las áreas nas que o alumno/a necesita axuda ou reforzo complementarios. Poden ser probas xerais, para ver posibles erros nalgunhas das destrezas, ou máis específicas, se tentan identificar-los seus puntos débiles nalgunha materia en particular).

Xunta dos profesores/as e titor/a que dan clase na aula de referencia do alumno/a inmigrante, para decidir, no caso de necesitalo, se é aconsellable a súa incorporación nun grupo de adaptación ou nunha actividade de reforzo fora da aula, que sería obrigado no caso dun alumno/a inmigrante de lingua diferente ó galego ou ó castelán.

Proporcionarlle ó alumno/a técnicas de aprendizaxe, que lle facilitarán o acercamento ó estudo, dado que moitas veces os estilos de aprendizaxe os coñecementos adquiridos no seu país de orixe e sistema educativo de procedencia difiren. Todo isto partindo sempre dos seus coñecementos previos.

Colaboración co alumno/a, tanto por parte dos profesores/as, coma dos seus compañeiros/as de aula para que se actualice nos usos do idioma e costumes do noso país (principalmente dos adolescentes da nosa sociedade), xerándolle ou reforzándolle as súas habilidades sociais.



Facilitando así a súa socialización no grupo-clase e a súa educación Intercultural (tendo sempre en conta os comportamentos e pensamentos de ámbalas dúas culturas.

Podería ser axeitada a organización dun grupo de alumnos/as da súa aula ou do Centro, que colaboraran no proceso de acollida, principalmente ós alumnos/as de fala estranxeira. (Sería bo que formara parte deste grupo algún alumno/a do Centro que coñeza a lingua do recién chegado, alomenos durante os primeiros días de adaptación). Así, poderían:

- Facilitarlle o coñecemento do vocabulario máis empregado.
- Acompañalo/a e ensinalle o Centro.
- Animalo/a no recreo a participar nas actividades ou xogos, procurando que non estea só/a nas entradas e saídas do Centro.

É importante a participación do alumno/a en propostas de traballo ou actividades que supoñan unha saída do Centro Escolar e faciliten o seu coñecemento do contorno onde terá que moverse a partir de agora (rúas, prazas, ... da vila), que ó ser dirixido e apoiado polo Centro, lles vai proporcionar maior seguridade e autonomía

É necesario atallar, de xeito rotundo e inmediato, calquera situación de rexeitamento ou menosprezo que poidan darse no Centro, ben sexa dentro da súa aula ou con alumnos/as doutras clases, tratando coas persoas implicada.

Ter en conta que o labor educativo con respecto a este alumno/a inmigrante, non depende só do seu titor/a, profesores/as e compañeiros/as de aula, senón de todo o Claustro, dado que hai espazos comúns (corredores, recreos, etc...) nos que continúa ese labor no que todos debemos cooperar.

Manter un seguimento do proceso de aprendizaxe do alumno/a ó longo de todo o curso, tendo en conta tamén o seu traballo e participación grupal, cooperativo e individual, que lle permitirá ir afacéndose ó proceso de aprendizaxe curricular normalizado.

SEMANA DE INCLUSIÓN/INMERSIÓN PARA 1º ESO

Nos primeiros días de cada curso o alumnado de 1º da ESO terá un horario modificado para poder acometer unha serie de actividades que permitan que o alumnado coñeza o Centro, a súa organización e os seus recursos, as normas de funcionamento e os criterios comúns de traballo así como tamén que realicen unhas probas que aporten información ao profesorado sobre o nivel académico de cada alumno/a no inicio do curso.



Todo o relacionado coa organización destes primeiros días recollerase nun protocolo que se incorporará como anexo a estas normas de organización e funcionamento.

PROGRAMA TEI

O programa TEI inicia o seu desenvolvemento no ano 2002 e a súa implementación nos centros educativos no ano 2003.

Nace da práctica profesional da psicoloxía e como orientador nun centro educativo, desenvólvese a partir das experiencias e implicación dun grupo de profesorado de primaria e secundaria. Desde a empatía, concienciase dos niveis de padecemento a os que son sometidas as vítimas e as súas familias; a percepción que ten a persoa acosada cada luns cando ten que ir ao centro educativo, como espazo hostil que lle fai dano; e as dificultades de intervención que se multiplican cando esta non se produce de forma coordinada nos tres ámbitos (escolar, familiar e terapéutico).

Esta situación combinada coa experiencia do día a día dentro dos centros educativos, onde se desenvolven diferentes estruturas de convivencia (currículo explícito e oculto dos centros educativos), é moi fácil chegar á conclusión que a **prevención non é unha opción, é unha necesidade**, e que a intervención e empoderamento dos **alumnos como axentes dinámicos do cambio é o camiño**.

O TEI é un programa de convivencia para a prevención da violencia e o acoso escolar, é institucional e implica a toda a comunidade educativa. Ten como obxectivo básico **mellorar a integración escolar e traballar por unha escola inclusiva e non violenta**, fomentando que as relacións entre iguais sexan máis satisfactorias, **orientadas á mellora ou modificación do clima e a cultura do centro respecto da convivencia, conflito e violencia** (física, emocional ou psicolóxica).

Considera a **participación activa dos iguais como elementos básicos do proceso de prevención e intervención en situacións de violencia e acoso escolar**:

En primaria os alumnos de 5º curso son titores emocionais dos de 3º.

En secundaria os alumnos de 3º curso son titores emocionais dos de 1º.

En infantil os alumnos de 5 anos titorizan emocionalmente aos de 3 anos.

É unha intervención sistemática no desenvolvemento dos plans de convivencia e de integración, a prevención do abuso de poder e a resolución de conflitos, encamiñados á



creación dunha **cultura da non-violencia**, onde os **alumnos son os elementos básicos de dinamización**.

Baséase en tres eixos teóricos:

A **teoría dos sistemas ecolóxicos de Urie Bronfenbrenner** (1979, 1989, 1993). A grandes liñas é unha interacción das activas e reactivas, cunha visión do desenvolvemento humano no que conflúe a carga biolóxica interrelacionada cos diferentes entornos ambientais (**microsistema, mesosistema, exosistema, macrosistema**).

As diferentes correntes da **intelixencia-educación emocional** de Peter Salovey e John Mayer (1990), Daniel Goleman (1995) e Mayer, Salovey e David Caruso (2000).

A **psicoloxía positiva**. Especialmente a partir do xiro de Seligman (1990) cara á felicidade e o optimismo, centrado na importancia que dá o autor aos aspectos adaptativos, ao positivismo humano e as achegas de Mihaly Csikszentmihalyi sobre as experiencias creativas do fluxo a partir dos anos 90. É un cambio de mirada da psicoloxía do modelo patoxénico ao saluxénico, centrado no suxeito como elemento activo ante as adversidades, capaz de actuar achegando a positividade que constitúen as virtudes e fortalezas humanas. Baséase na prevención como punto de partida básico para intervir en situacións nas que se producen indicios ou síntomas de acoso.

Como estratexia preventiva optamos pola Titoría Entre Iguais desde unha perspectiva emocional, desenvolvendo as competencias cognitivas, psicolóxicas e emocionais, centradas no grupo e o desenvolvemento cooperativo e dirixida fundamentalmente ao alumnado de primaria e secundaria, con titores de clases superiores. Está centrada **nas competencias emocionais cun modelo positivo, e no desenvolvemento de competencias sobre sensibilización, empatía e empoderamento do grupo clase como elemento preventivo e disuasorio das condutas violentas**.

O modelo de intervención permítenos incidir en dous anos sobre o 100% da poboación de secundaria e nos ciclos medios e superior de primaria.

Os obxectivos do Programa TEI poderíamos sintetizalos en:

Sensibilizar á comunidade educativa sobre os efectos da violencia.

Concienciar á comunidade educativa sobre os efectos da violencia e informar as consecuencias persoais, sociais e educativas que este fenómeno comporta.



Facilitar o proceso de integración de alumnos, cara a unha escola inclusiva.

Crear un referente (titor/a) para favorecer a autoestima e diminuír a inseguridade que provocan os espazos e as situacións descoñecidas.

Empoderar ao alumnado como suxeito dinámico da convivencia, na prevención da violencia e o acoso escolar.

Compensar o desequilibrio de poder e forza propio da violencia e o acoso desde unha perspectiva preventiva e disuasoria.

Integrar a “TOLERANCIA CERO” respecto da violencia e malos tratos, como un trazo de identidade do centro.

Os 5 alicerces do TEI

O proceso de implementación e desenvolvemento del TEI nun centro educativo, implica a toda a comunidade educativa e intervéñ sobre cada un dos seus elementos. Está estruturado e secuenciado da seguinte forma:

RESPONSABLES

COORDINADORES/AS

Orientadora, xefa de estudos, e unha profesora formada *ad hoc*

PROFESORADO IMPLICADO

Titores de 1º e 3º ESO, e profesorado que colabora nas actividades de cohesión grupal.

DESTINATARIOS

Alumnado de 1º e 3º ESO

PROCEDEMENTOS

CENTRO EDUCATIVO E PROFESORADO

☑ **Presentación** do programa

☑ **Aprobación** por parte de dirección, claustro, consello escolar

☑ **Información**, sensibilización e formación



ALUMNADO, FORMACIÓN BÁSICA (titores e titorizados)

- ☒ **Información** e sensibilización
- ☒ **Formación** de titores e estratexias de intervención
- ☒ **Nomeamento** e entrega de diplomas
- ☒ **Presentación** de titores e titorizados

ALUMNADO, FORMACIÓN CONTINUADA (titores e titorizados)

- ☒ **De cohesión de parellas ou equipos** e fortalecemento do vínculo emocional (mínimo 1 sesión por trimestre).
- ☒ **De titoría, sobre valores e emocións** sobre tres centros de interese que determina o centro, a partir das propostas do programa (mínimo 3 sesións por trimestre).
- ☒ **De formación permanente de titores**, a partir dun centro de interese e con metodoloxía de resolución de casos (mínimo 1 sesión por trimestre).
- ☒ **Avaliación**, tanto do programa como da metodoloxía empregada (1 sesión por trimestre).

FAMILIAS

- ☒ **Información sobre o TEI**, habitualmente realízase por primeira vez nas sesións de portas abertas a familias do centro educativo.
- ☒ **Contextualización do TEI**, asiduamente realízase coas familias dos alumnos titores e titorizados na primeira reunión formal de curso, sobre o mes de setembro.
- ☒ **Formación e compromiso**, desenvólvese na escola de familias que adoitan ter os centros e é aconsellable facelo no primeiro trimestre.

AVALIACIÓN

- ☒ **De alumnado**, unha sesión por trimestre



☒ **Profesorado e claustro**, ao final de curso

☒ **Equipo directivo**, ao final de curso.

En ningún caso o programa TEI pretende ser a solución a todos os problemas de convivencia dun centro educativo, pero si é una excelente estratexia para a prevención da violencia e o acoso escolar nos centros educativos. Neste proceso estamos implicados todos/as e só este **compromiso facilitará un cambio de mirada da convivencia e a educación.**

PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS:

CONTEXTUALIZACIÓN

O desenvolvemento social dos adolescentes levase a cabo en tres contextos fundamentais de referencia: o grupo de iguais, a familia e o instituto.

O instituto, modelo de sociedade en miniatura, e o marco social onde se levarán acabo a maioría das interaccións sociais e as relacións interpersoais tanto con seu grupo de idade como con adultos, alí o adolescente adquire as competencias básicas que lle axudarán a desenvolverse na su vida adulta.

Para o alumnado de primeiro curso da ESO o cambio do colexio o instituto resulta complicado, xa que pasan da súa condición de "veteranos" do colexio a "novatos" do novo centro. Enfróntanse con unha exigencia e disciplina maior, cando non contan aínda coa soltura necesaria para adaptarse as novas normas que deben acatar.

Esta situación, en ocasións, pode ocasionar comportamentos disruptivos, unha baixa autoestima e problemas na relación co grupo de iguais e as figuras de autoridade.

Para atallar a situación e preciso que a familia e o equipo docente traballen unidos acompañando e apoiando aos adolescentes na súa nova etapa, ofrecéndolle os recursos necesarios para axudarlles a lograr las competencias que lles permitan enfrontarse o reto social dunha maneira positiva e adecuada.

FUNDAMENTACIÓN:

As habilidades sociais son un conxunto de capacidades que permiten a persoa manter adecuadamente unha relación social, expresando sentimentos, pensamentos, actitudes,



desexos e opinión de maneira asertiva e positiva. Estas exprésanse a través dos comportamentos (o que se fai e o que se di) de cada un na súa relación cos demais e que serán adecuados e pertinentes a cada situación concreta.

A persoa socialmente habilidosa será aquela que saiba discriminar a situación na que se encontra e emitir as repostas axeitadas para a mesma, conseguindo o obxectivo esperado na relación establecida.

Desde distintos modelos psicolóxicos considerase que totalas habilidades sociais apréndense mediante traballo, práctica e sobre todo, as experiencias vividas.

Este programa fundamentase nas necesidades de dotar o alumnado das ferramentas necesarias para mellorar as habilidades sociais que posúan e adquirir aquelas que non teñen, fomentando unha mellor convivencia e un modelo colaborativo de relación e traballo.

RESPONSABLES

Orientadora

PROFESORADO IMPLICADO

Titores/as de 1º , 2º 3º e 4º ESO e 1º BAC

DESTINATARIOS

Directos:

Os destinatarios directos do programa serán o alumnado de 1º da ESO do instituto Xunqueira I. Aproximadamente 96 alumnos/as.

Indirectos:

O programa incide nunha cantidade maior de persoas, dado que unha mellora nas habilidades sociais dos adolescentes afectarán de maneira positiva nos seus marcos sociais de referencia. Así, indirectamente serán beneficiarios da actividade as familias dos destinatarios directos, o equipo docente e o persoal do centro.

OBXECTIVOS:

XERAIS



Proporcionar os destinatarios os recursos e ferramentas que axuden na adquisición das competencias actitudinais, procedimentais e conceptuais necesarias para desenrolar o aprendizaxe das habilidades sociais, mellorando as problemáticas do centro respecto a relación entre menores.

ESPECÍFICOS:

- Favorecer o traballo en equipo co fin de reducir a competitividade e promover a cooperación entre iguais.
- Ensinar a importancia da escoita activa como forma óptima de comunicación.
- Traballar a asertividade, aprendendo a expresar opinión, sentimentos, desexos e queixas de forma cómoda e adecuada.
- Desenrolar a empatía coa finalidade de mellorar a relación entre o grupo de iguais e evitar casos de acoso escolar ou rechazo ó diferente.
- Potenciar a competencia e a responsabilidade a través da toma de decisión, tanto individuais como grupais.
- Aprender a identificar e xestionar os estados de ánimo, desenrolar o autocontrol emocional.
- Entrenar en técnicas de negociación que sirvan para resolver conflitos de forma adecuada.
- Mellorar a autoestima dos destinatarios/as co fin de incidir transversalmente nos demais campos de traballo.
- Dotar aos adolescentes dunha batería de recursos educativos para traballar as habilidades sociais na aula.

METODOLOXÍA:

Buscando que o aprendizaxe realizado sexa significativo e aporte realmente os recursos necesarios que permitan modificar hábitos de conduta nocivos para a boa socialización no centro, seguirase unha metodoloxía de traballo socializada e grupal, tomando como referente do aprendizaxe o propio grupo de alumnos en primeiro lugar e en segundo lugar a sociedade como conxunto.

O sistema metodolóxico definirase por dous aspectos clase:



A finalidade a ser a axeitada interactividade social dos menores.

centro educativo debe ser visto como unha sociedade en miniatura, na que prima a colaboración, a asistencia mutua e a lealdade o grupo.

Ambos requisitos son imprescindibles para a consecución deste programa, xa que a súa base e a creación de lazos afectivos e colaborativos que leven o grupo al éxito social a través da colaboración grupal.

Os procedementos metodolóxicos que guiarán as liñas xerais do proceso de aprendizaxe son os seguintes:

Activo. O alumnado ten un rol interactivo, o aprendizaxe realizarase por descubrimento. O traballo é mediante dinámicas, rol playings, debates e outros recursos didácticos.

Indutivo. Comézase polo singular e cercano para posteriormente xeneralizalo. Apartase do grupo para despois extrapolalo a sociedade.

Heurístico. A información non é dogmática senón que se somete a revisión, investígase e razoase ata chegar a acordos e conclusións. A aprendizaxe é significativa e relevante.

EVALUACIÓN:

A avaliación técnica realizarase a través de probas obxectivas cualitativas iniciais e finais que permitan valorar a evolución do alumno/a nas competencias derivadas dos obxectivos que o programa propón.

Tamén se realizarán avaliación por parte dos destinatarios do programa:

avaliación inicial.

Avaliacións semanas.

avaliación final

Estas valoracións, que se realizarán de forma activa, directa e dinámica, servirán para modificar os aspectos que os estudantes consideren que non son adecuados e potenciar aqueles que si o son. Así, crecerá a implicación no proxecto, o ser parte activa do mesmo e ter capacidade para modificalo.



Con ambas avaliacións realizarase un informe técnico que se entregará á dirección do centro unha vez rematado o programa.

PROYECTO DE COHESIÓN GRUPAL, 1º BACHARELATO

Os rapaces e rapazas de 1º de Bacharelato comezan a nova etapa educativa sendo persoas que traballan de forma independentemente e inconexa, xa que moitos membros do grupo non se coñecen previamente ao vir de diferentes institutos ou colexios. Isto dificulta moito a dinámica da clase ao longo dos primeiros meses do curso, ademais de provocar conflitos a nivel de persoal e grupal.

Intervir para facilitar a transformación da clase nun grupo de traballo e relación social eficiente pode constituír unha diferenza significativa moi importante tanto para os propios membros do grupo como para a vida do centro, xa que unha clase que se desenvolveu como grupo cohesionado aprende máis e mellor por varios motivos:

A cohesión grupal reduce o nivel de ansiedade na aula, facendo que o alumnado se sinta máis a gusto nas relacións interpersoais e estea menos á defensiva. Os alumnos que se sinton incómodos na clase non aproveitan tanto as posibilidades de aprendizaxe coma os que se interrelacionan libre e construtivamente tanto no grupo de iguais coma cos docentes.

desenvolvemento grupal promove a aprendizaxe de contidos, xa que as actitudes cooperativas dentro do grupo favorecen que o alumnado se sinta suficientemente cómodo para participar de forma activa na aula. Isto provoca que o/a docente poida usar métodos de aprendizaxe máis activos e motivadores para o alumnado.

A transformación da clase nun grupo de traballo inflúe positivamente no rendemento do alumnado, xa que favorece as interaccións positivas entre o grupo de iguais, favorecendo a creación de sinerxías e aproveitando a forza da influencia entre compañeiros para incrementar a aprendizaxe colectiva.

Coa fin de lograr unha mellora nas relacións interpersoais e a formación de grupos cohesionados nas clases de 1º de bacharelato, realizaranse cinco sesións nas que se traballarán as diferentes fases polas que pasa un grupo dende que se forma ata que se cohesionan, promovendo a adquisición de actitudes e habilidades que favorezan o desenvolvemento do grupo como tal.

Mediante dinámicas, actividades e xogos buscarse que o grupo se coñeza máis e os seus membros se acepten mutuamente, mellorando a comunicación e favorecendo a cooperación



, aprendendo a traballar xuntos de forma construtiva e sentíndose máis libres para participar da vida do centro.

ademais deste programa, proporase a realización dunha actividade de dous días con pernoita na que traballar de forma máis profunda a cohesión grupal.

PROGRAMA DE MEDIACIÓN

PERSOAS E FUNCIÓNS:

Coordinador/a: M^a del Mar Martín Saracho

Equipo de mediadores do centro:

M^a del Carmen Aguado Madrigal

Elena Ferro Dios

M^a del Mar Martín Saracho

Venancio Piñeiro Iglesias

Rosa M^a Rodríguez Moldes

Coordinación cos órganos do centro: o director, a vicedirectora, a xefa de estudos maila orientadora formarán parte do equipo de mediación e tomarán parte nas súas reunións de coordinación. Os mediadores non estarán na comisión de convivencia do consello escolar.

RECURSOS E CONDICIÓNNS

QUE É A MEDIACIÓN

É un proceso de resolución de conflitos no que as partes enfrontadas tentan de chegar a un acordo satisfactorio para ambas coa axuda dun mediador.

Trátase dun método alternativo ás sancións e creativo, xa que neste proceso de decisións son as propias persoas as que deciden sobre a xestión do seu propio conflito, buscando solucións que satisfagan as necesidades de todos os implicados e lles produzan beneficios.



Por isto, é un método ideal para a resolución de conflitos entre partes enfrontadas que deben ou desexan continuar a relación. E os acordos así tomados –que teñen como única norma que han estar en consoancia coa normativa do centro- resultan máis doados de cumprir.

A participación é voluntaria. Presuponse boa fe por parte de todos os que acuden á mediación. O proceso é confidencial. O mediador é imparcial e neutral, de xeito que non vai tomar partido por ningunha das partes nin vai xulgar xamais; só axudará a estas a xestionar positivamente o problema.

Mentres se estea levando a cabo o proceso da mediación paralizarase calquera proceso sancionador.

RECURSOS

Horarios de premediacións e mediacións: cada sesión terá unha duración máxima dunha hora lectiva. O tempo entre cada unha será aproximadamente dunha semana. O horario dependerá da dispoñibilidade do mediador/a, procurando que se vaian alternando os tempos das sesións para que o/a alumno/a non teña que faltar sempre á mesma materia, tendo en conta que a mediación é prioritaria, salvo exames.

Espazos para as premediacións e mediacións: as sesións realizaranse sempre na aula asignada para tal efecto.

CONDICIÓN

Son conflitos susceptibles de mediación:

conflitos entre alumnos. Cando se da un *problema non resolto cun compañeiro ou compañeira*.

En caso de *discusións e falta de acordos*.

Cando as persoas se sintan mal e *non saben como actuar*.

Cando alguén quere *solucionar un conflito interpersonal e non sabe como*.

Para *tomar decisións* cando non está claro como actuar cos demais.



Coméntaselle o caso á coordinadora, quen chama aos alumnos individualmente para coñecer dos protagonistas que pasou, como se senten e se aceptarían mediación. Explícaselles en que consiste. Poderíamos dicir que a premediación se inicia con esta entrevista e continúa despois coa primeira que teñan co mediador que vaia levar o caso.

Ao ser unha forma de resolución de conflitos moi nova para eles, ás veces teñen reticencias, sobre todo porque, lonxe de entender que non van ser xulgados nin se lles vai dicir que teñen que facer, cren que se vai converter nunha entrevista culpabilizadora máis, pois esa é a experiencia que tiveron ata agora. Cando non aceptan a mediación, a coordinadora, que adoita evitar contrapoñer sanción a mediación, comunícao á xefatura de estudos, dende onde lles propoñen a mediación como alternativa a outra medida correctora, co que os alumnos adoitan aceptar probar que é.

Conseguida, pois, polo menos en certo grao, a voluntariedade, a coordinadora do equipo busca un mediador que non sexa profesor seu durante este curso. Cos mediadores máis noveles, que se incorporaron serodiamente á formación, inténtase que acuda outro que se formase durante os dous anos e será quen leve o peso da mediación.

O rexistro do caso faino a coordinadora e pásallo ao mediador. Durante a premediación que realiza este asínase a acta inicial, cos temas que van tratar. Ao remate da mediación levántase unha acta final cos acordos. Para o seguimento destes citamos ás partes un tempo despois.

Cando algunha ou ambas partes non aceptan a mediación remítese o caso de novo á xefatura de estudos para que, de terse producido algunha falta contra a convivencia, leve a efecto a sanción que se considere.

DESEÑO DO PROGRAMA. PROCESO E EFECTOS DA MEDIACIÓN

Detección do conflito por varias canles:

Demanda dos interesados: persoalmente ao coordinador/a ou perante a caixa de correo de mediación.

Proposta do titor/a, profesor/a ou orientadora.

Derivación ou proposta desde xefatura de estudos ou comisión de convivencia do consello escolar.



Rexistro e análise do caso polo equipo de mediación: o coordinador/a rexistrará o caso e analizará se é medible.

Comunicación ás familias e titores ou titoras do alumnado implicado e á comisión de convivencia, do inicio de proceso de mediación, mediante o SIXA ou e-mail.

Asignación do caso a un mediador/a, que poderá solicitar un compañeiro/a mediador/a.

Información previa e premediación: será o primeiro contrato, no que, de ser o caso, asinarase a acta de inicio á mediación. Se o mediador o estima conveniente, poderá ampliarse o número de sesións.

Sesións de mediación: Acórdase adicar unha media de seis sesións para chegar a acordos antes de dar por rematada a mediación. Farase unha reseña dos datos da sesión. Para cada cita ao alumnado entregárase unha xustificación para o profesor.

Sinatura dos acordos.

Avaliación do caso nas sesións do equipo de mediación: esta reunirse coa periodicidade que estime oportuna para avaliar os casos rematados ou dados por rematados durante ese tempo.

Peche do caso e conclusións. Arquívaranse as notas coa documentación do caso. No caso de que non se cumpran os acordos, poderá reabrirse o caso como distinto, pero co mesmo número de expediente (v.g., 1/2014 para a 1ª VEZ; 1-1/2014 para o seguinte).

Seguimento dos acordos: serán sesións máis curtas, nas que se poderá utilizar o tempo do recreo. Iranse espazando: a primeira aos sete, a segunda aos quince e a terceira aos trinta días.

Cando o conflito afecta a un grupo completo de clase, realizarase a mediación colectiva, dentro da aula. Primaranse as titorías presenciais, e cando non existan, utilizarase algunha clase na que podan estaren presentes todos os membros do grupo, segundo a dispoñibilidade do mediador e negociado cos profesores implicados. A periodicidade tenderá a ser semanal, mesmo que será flexible, segundo a urxencia do caso e o momento lectivo.



VANTAXES DA MEDIACIÓN

- Mellora as relacións entre as partes enfrontadas.
- Mellora o ambiente de aula.
- Crea un ambiente máis relaxado e produtivo no centro.
- Axuda ao desenvolvemento persoal, ao favorecer a autonomía na toma de decisións.
- Contribúe a desenvolver actitudes de interese e respecto polo outro e de recoñecemento e valoración das súas necesidades, intereses, sentimentos e valores.
- Contribúe a desenvolver a capacidade de diálogo e a mellorar as habilidades comunicativas.
- Diminúe o número de conflitos e, polo tanto, o tempo dedicado a resolvelos.
- Reduce o número de sancións e expulsións.
- Forma parte do plan de convivencia do centro.
- Pódese acudir a ela sempre que se considere necesario.

Desde este equipo de mediación entendemos que, como din Prada & López (2008), a mediación ten cabida no sistema educativo non só como estratexia de resolución pacífica de conflitos, senón que facilita a aprendizaxe de novas formas de comunicación, o que lle dá unha capacidade transformadora das persoas, tanto dos mediados coma dos mediadores. E ademais, como teñen estudado Binaburo & Muñoz (2007) e nós comezamos a ter constancia delo, transversalmente, as actividades que se desenvolven no centro educativo vense cada vez máis impregnadas deses novos xeitos de relación.

Decidimos que polo de agora só imos levar a cabo a mediación profesores, e unicamente para os conflitos entre alumnos. Iso non é obstáculo para que nun futuro se poidan incorporar como mediadores outros membros da comunidade escolar, se se dá a conveniencia e a posibilidade de formalos. Tamén sería desexable estender a mediación a conflitos entre discentes e docentes, e mesmo entre estes; pero necesitamos instaurar unha cultura de mediación no centro, para que o profesorado comece a ver os froitos deste proceso de resolución pacífica de conflitos.



Os efectos da mediación, aínda que esta se produza só cun tipo de membros da comunidade escolar, neste caso o alumnado, van repercutir en todos. Esta concepción sistémica é a que nos move ao equipo de mediación do IES A Xunqueira I a comezar pouco a pouco, coa mediación con discentes levada a cabo por profesores, coa finalidade de ir instaurando a cultura de mediación.

Neste centro practicamos unha mediación de tipo preventivo. Xeralmente entendemos que a acción preventiva da mediación escolar se dá a nivel secundario, i.e., na intervención temperá, coa detección precoz do problema e cando a violencia está en inicio, para evitar que se cronifique. Pero tamén pódese dar aos outros niveis. En prevención primaria, para evitar que a violencia chegue a producirse. Porque na convivencia diaria xorden necesidades, intereses e valores contrapostos que nos levan a percepcións que, aínda que non o sexan, vense como incompatibles, co que, se non sabemos xestionar o conflito, acabaremos posicionándonos na dicotomía "eu gaño, ti perdes". Unha moi boa forma de aprender a negociar, buscando a ganancia de todos, é acudir a mediación cando as partes se bloquean. De aí que desde este Servizo de Mediación entendamos como mediables non especificamente conflitos, senón situacións que poden chegar a provocalos, como é o caso da falta de acordos, de desavinzas ou de tomas de decisións que se ven pouco claras. E por iso cremos que se pode acudir a mediación todas as veces que as partes o consideren necesario.

A mediación contribúe tamén á educación en valores -á que especificamente lle corresponde a prevención primaria-, pois axuda a crear unha cultura de paz e consolida formas de actuación e xestión de conflitos participativas e democráticas (Prada & López, 2008). Así mesmo, posibilita a visión dos aspectos positivos do conflito, abre a puntos de vista diferentes e favorece o cambio das propias percepcións sen renunciar aos valores dun mesmo; facilita afondar no autocoñecemento e a autocomprensión, *condicio sine qua non* para poder coñecer e comprender ao outro; e fomenta a cooperación.

A mediación cabe tamén a nivel de prevención terciaria. É o caso, *v.g.*, do chamado "bullying". No equipo entendiamos que de darse un caso de violencia grave e continuada, como é o acoso escolar, a mediación estaba fóra de toda posibilidade. No protocolo de actuación contra el que sacou a Consellería de Educación consideraba a mediación como un dos medios de resolución do conflito. Aquí ten cabida o valor reparador e de reconciliación da mediación. Haberá que preservar a equidade entre as partes. E non sería obstáculo en que a reparación se realizase, mesmo, en forma de servizos á comunidade escolar, por aquilo



de que o dano a un elemento afecta a todos os do sistema, que han de recibir tamén reparación. Por outra parte, hai algo máis educativo que exercitar a responsabilización e a petición de perdón cando nos equivocamos?

SENSIBILIZACIÓN E DIFUSIÓN

Na reunión inicial cos pais, nais, titoras ou titores informarase da existencia do Servizo de Mediación escolar no centro e das vantaxes da mediación na resolución pacífica dos conflitos.

Aos rapaces e rapazas informarase a través das titorías, como queda reflectido no PAT.

ACTUACIÓNS FORMATIVAS

Está prevista a formación continua dos mediadores mediante supervisións anuais.

De darse a posibilidade de ampliar o Servizo de Mediación a novos mediadores, profesores ou alumnos, se estableceran novos cursos e talleres de formación en mediación escolar.

Poderanse aproveitar os programas de Habilidades Sociais e TEI como unha axuda para o desenvolvemento nos alumnos da competencia no uso dos recursos e técnicas de comunicación precisos para levar a cabo o proceso de mediación.

Deberá contemplarse nos Plans de Formación do Profesorado no centro de traballo anuais alomenos unha actividade relacionada coa temática da convivencia escolar, que, mesmo que non estea relacionada directamente coa mediación, fomenta a aprendizaxe de recursos de comunicación e xestión pacífica dos conflitos por parte do profesorado, como as relacionadas coa xestión de emocións e o traballo cooperativo.

POSTA EN MARCHA DO PROGRAMA

O Servizo de Mediación do IES A Xunqueira I comezou a súa andaina no último mes do curso 2013-2014.

AVALIACIÓN DO PROGRAMA



No mes de maio de 2015 realizamos unha investigación sobre o impacto que tivo no clima de convivencia do IES a implementación da mediación durante o seu primeiro ano de posta en funcionamento.

Á hora de deseñar a investigación considerouse necesario partir dunha análise da percepción do conflito na comunidade escolar. Centrámolos exclusivamente no profesorado e no alumnado, posto que intentamos coñecer se hai diferenzas entre alumnos mediados e non mediados e profesores mediadores e non mediadores.

Unha segunda parte da investigación centrouse na mediación propiamente dita: tratábase de analizar o coñecemento da comunidade escolar sobre a mediación; se se cumpriron os seus principios; se serviu para que as partes conseguisen os obxectivos de resolución do conflito; como se sentiron mediados e mediadores; se a formación en mediación e o seu exercicio repercutiron no propio desenvolvemento persoal e profesional do mediador.

Confeccionouse un cuestionario para o profesorado e outro para o alumnado. Ademais de para a obtención dos datos obxecto de estudo, este material serviría, sobre todo no caso dos docentes, aínda que tamén dos discentes, para unha reflexión sobre a convivencia na comunidade escolar e para dar maior difusión á mediación nesta.

Tratouse dun estudo descritivo transversal para coñecer o clima de convivencia e a influencia nel da mediación durante o primeiro ano da súa implantación. Intentouse correlacionar estatisticamente as variables mediación e clima de convivencia.

A investigación recolle moitos datos, sen controlar ningunha variable en concreto: é, pois, unha investigación non experimental, de campo, xa que se realiza na propia aula en horario lectivo, con datos de tipo primario, obtidos a través das respostas aos cuestionarios.

Elaboráronse dous cuestionarios *ad hoc*. As preguntas cualificáronse nunha escala ordinal: moito, regular, pouco; e nalgún caso con si ou non. Hai tamén algún ítem que requiriu unha resposta aberta.

Entre os resultados podemos destacar:

Non é un centro que se vexa especialmente conflictivo por parte do profesorado.

Parece haber indicios que nos farían pensar nunha certa concienciación e responsabilización ante o propio comportamento, que van parellas ao coñecemento dos dereitos, deberes e condutas correctivas por parte do alumnado.



Non parece relevante nin para o coñecemento das NOF nin para a percepción do grao de conflito que o alumnado participe na elaboración daquelas.

Hai no profesorado unha demanda de unificación de criterios de actuación consensuados: “menos normas e cumprilas”.

O profesorado considera relevante a implicación das familias para eliminar os problemas de disciplina no centro.

Os mediadores teñen unha visión máis positiva do conflito, considerando que ofrece unha gran oportunidade de aprendizaxe de novas formas de resolución deste.

A actuación educativa máis valorada polo profesorado respecto á convivencia é a mediación.

Deberemos dar unha meirande difusión á mediación no centro.

Para que a mellora da relación profesor-alumno sexa máis plena, haberá que acompañar o desenvolvemento da mediación no centro con outras actuacións grupais levadas a cabo polos docentes en coordinación.

Os mediadores precisan continuar traballando a expresión das propias necesidades, sentimentos e emocións con respecto aos demais.

Ao final de cada curso levarase a cabo unha avaliación sobre o proceso de mediación e o impacto desta na convivencia no centro. Para iso adaptaranse os cuestionarios utilizados na investigación anterior ou se buscarán ou deseñarán outros máis axeitados ao contexto educativo do momento. As propostas de mellora partirán dos resultados da avaliación.

DOCUMENTOS PARA A MEDIACIÓN:

Solicitud de mediación.

Ficha de recollida de información preliminar en mediación.

Acta inicial de consentimento á mediación.

Acta final de mediación / proxecto de acordo

Memoria anual do equipo de mediación.



ESCOLA DE NAIS E PAIS

Organízanse charlas informativas-formativas para país e nais, co fin de dar pautas que melloren a educación dos seus fillos e a convivencia do centro. Lévanse a cabo, dentro do contrato-programa, obradoiros de pais-nais, en colaboración co Concello de Pontevedra.

ACTUACIÓNS ANUAIS DO PLAN DE CONVIVENCIA

A resposta educativa do equipo directivo e o profesorado no centro é a de promover a actitude de participación e as canles de diálogo e comunicación para solucionar calquera conflito e a de potenciar a mellora da convivencia a través da adquisición de habilidades para poder tratar e resolver os conflitos, fundamentalmente, na hora semanal de tutoría.

Aínda que os problemas de convivencia son escasos, é verdade que a obrigatoriedade da Etapa educativa da ESO no centro, que abarca dos 12 aos 16 anos, comporta, xunto a outros aspectos, a presenza nas aulas dun sector do alumnado que non encaixa ben coas actuais propostas educativas, xerando ás veces unha certa conflitividade. Isto lévanos a facer algún tipo de actuación específica con este alumnado dentro dun paradigma global de integración na súa clase e no centro. Decatámonos, así mesmo, de que a mellora na convivencia vai potenciar non só a promoción persoal de todo o alumnado, pois vai contribuír á adquisición do resto das competencias, senón que favorecerá, de igual modo, o adestramento nas habilidades de comunicación necesarias para os distintos contextos vitais persoais, familiares e sociais, co que todos resultaremos beneficiados.

As actuacións que se contemplan neste centro son:

- Desenvolvemento das accións previstas no programa de acollida (durante o proceso de admisión, durante a matriculación, durante a incorporación, nas transicións de etapa,...)
- Revisión do expediente persoal de cada alumno/a, para un previo coñecemento da súa realidade
- Desenvolvemento coordinado da avaliación inicial do alumnado, coa elaboración de protocolos destinados a tal fin.
- Información, ao alumnado e ás familias, ao comezo do curso sobre a vida no centro, especialmente dos principais aspectos que figuran nas NOF e na Programación Xeral Anual de cada curso (normas de funcionamento, calendario, horarios, entradas e saídas, coidado das instalacións e dos recursos, adscrición, xustificación de faltas, normas de convivencia, medidas de mellora, canles de participación do alumnado e



dás familias, horarios de titoría, actividades complementarias e extraescolares, programas escolares, criterios de avaliación e de promoción, ...)

- Establecemento dun horario semanal de atención individual ás familias que posibilite a participación.
- Planificación dás sesións titoriais semanais (secundaria) e dás temáticas que se van a tratar, desde o Departamento de Orientación.
- Planificación de reunións xerais coas familias e dás temáticas que se van abordar, co Departamento de Orientación e a Anpa.
- Establecemento duna liña de coordinación entre os distintos niveis, ciclos e etapas do IES e dos centros adscritos co Departamento de Orientación.
- Control da puntualidade e absentismo, informando puntualmente á xefatura de estudos e á familia.
- Información ao Departamento de Orientación, sobre ou alumnado que presenta desaxustes non seu comportamento, incluído ou rendemento académico.
- Colaboración co Departamento de Orientación nos programas previstos para cada nivel e ciclo; especialmente nas medidas de atención á diversidade (alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, alumnado inmigrante, alumnado en situación de desvantaxe sociocultural...)
- Disposición para atender e orientar as diferentes inquiredanzas do alumnado.
- Asesoramento ás familias sobre o seu papel non proceso de maduración e desenvolvemento dos seus fillos e dás súas fillas. Elaboración e difusión de documentos informativos sobre a infancia, adolescencia, relacións persoais, educación afectivo-emocional, igualdade, violencia de xénero eta., co Departamento de Orientación.
- Unificación de medidas e de procedementos de intervención e modelos de informes.
- Incorporación da convivencia aos aspectos que se deben contemplar nas sesións de avaliación dous grupos.
- Información trimestral ao Consello Escolar dá situación dá convivencia non centro.
- Incorporación do informe sobre a convivencia á Memoria Anual de cada curso, cos procedementos de mediación e resolución positiva dos conflitos con indicación dos responsables de devandita mediación.
- Titorías: Dentro do PAT faise nas primeiras clases de titoría unha lectura crítica e sistemática das Normas de Organización e Funcionamento. Asemesmo inclúense unha serie de actividades encamiñadas á mellora da relación entre alumnado e respecto a comunidade educativa, coma o DECÁLOGO de aula, consensuado polo grupo.



- Aula materia: a organización do instituto en aula materia contribúe a mellorar notablemente os conflitos durante os cambios de clase, e a favorecer unha actitude máis positiva en cada clase.
- Programas de Prevención de Condutas Aditivas: en colaboración coa concellería de Benestar Social en todos os cursos da ESO.
- Actividades extraescolares que achegan ao centro aos discentes e fan que o sintan máis seu, como a participación no grupo de teatro, no coro, na banda, nas actividades organizadas polo equipo da biblioteca do centro, nos clubs de lectura, nas actividades do equipo de normalización lingüística, nas actividades no pavillón do centro, nos campionatos de xadrez
- Programas de habilidades sociais en 1º ESO e en 1º BAC, destinados a favorecer o coñecemento entre os novos alumnos do centro e a fomentar a cohesión grupal.
- Programa TEI: titorización entre iguais, programa para alumnos de 1º e 3º ESO, no que un alumno de 3º ESO titoriza a un de 1º ESO, evitando situacións de acoso escolar.
- Programa de mediación escolar, para a prevención e a resolución pacífica de conflitos.
- PROA, dentro do contrato programa, para alumnos de 1º, e 2º ESO
- Actividades conmemorativas: Día mundial contra a violencia de xénero, día do libro, entroido...
- Medidas de atención á diversidade que se veñen aplicando para favorecer ao alumnado con distintos ritmos de aprendizaxe ou que teñen situación sociofamiliares complicadas (ACI, reforzos educativos, apoios, Programas de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento).
- Contrato Programa, dirixido á mellora do éxito escolar, nas seguintes liñas: Reforzo, orientación e apoio (PROA), mellora das competencias clase, mellora da convivencia e promoción da igualdade nos centros, mellora do nivel de coñecementos par acadar a excelencia, mellora da calidade na xestión dos centros.
- Dentro do Plan Proxecta participamos no programa Quérote+.

RELACIÓN COAS FAMILIAS

A relación coas familias é boa, habendo reunións de información e coordinación de carácter global e particular nas horas fixadas na programación. É relevante a actuación dos titores/as na coordinación coas familias.



As situacións particulares que afectan á convivencia e resolución de conflitos no centro adoita ser comentada coa familia, por se procede algún tipo de intervención, ou pola información que pode engadir sobre a conduta do propio alumno/a.

As familias son sabedoras da conduta do seu fillo/filla mediante o SIXA. Estas reciben puntualmente, a través do móbil ou e-mail unha mensaxe na que se lles informa da aplicación ao seu fillo/a dun parte do conduta. Tamén se lles comunican diariamente as faltas de asistencia. Con este sistema pretendemos implicarlas na mellora da conduta do alumnado.

En colaboración co Concello de Pontevedra, o centro ofrece charlas informativas-formativas para pais e nais, co fin de dar pautas que melloren a educación dos seus fillos e a convivencia do centro.

MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DO PLAN

Os equipos e servizos responsables dos diferentes programas que interveñen na convivencia do centro informarán trimestralmente á comisión de convivencia, que servirá de canle para a coordinación e supervisión do desenvolvemento do plan.

SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA DO PLAN

A educación para a convivencia é un proceso continuo e sistemático e por iso é importante avalialo. O equipo de traballo, ademais de participar no deseño e analizar a información, terá a responsabilidade de dar a coñecer os resultados á comunidade educativa e tomar as decisións que se aproben.

A avaliación require:

- Diseñar procedementos de avaliación das actividades.
- Seguimento e control dos resultados durante o proceso.
- Comunicación e análise do logrado e reorientar aquilo que quede pendente para un novo proxecto.

O seguimento e avaliación do plan de convivencia será realizado pola Comisión de Convivencia e o Consello Escolar, coa colaboración do profesorado-titor de todos os grupos.



A tal fin a Comisión de Convivencia reunirse una vez ao trimestre, ao final de curso elaborará unha memoria final que trasladará ao Consello Escolar para a súa aprobación . As propostas de mellora serán suxeridas polos membros desa comisión en función dos resultados obtidos na avaliación anual e tendo en conta a avaliación e suxestións realizadas polo consello Escolar e o profesorado titor.

Entre as actuacións pendentes estarían o desenvolvemento dun programa para a aula de convivencia inclusiva, a inclusión de alumnos mediadores, negociación e supervisión periódica das normas de aula, con alumnos responsables por quendas do seu cumprimento, máis actividades específicas de fomento da convivencia (baile,...), establecemento de grupos cooperativos no Primeiro Ciclo da ESO.

NECESIDADES DE FORMACIÓN E RECURSOS

A formación sobre a convivencia e resolución de conflitos pensamos que é imprescindible para mellorar as pautas de actuación que potencien un clima favorable no centro. É necesaria unha formación específica para atender situacións relacionadas coa convivencia e a conflictividade.

Faise necesario introducir a formación permanente do profesorado no complexo mundo das relacións interpersoais no centro: habilidades sociais, resolución de conflitos, estratexias para fomentar a participación, intervención ante problemas de conduta, violencia na aulas, malos tratos entre compañeiros, mellorando tamén en educación para a igualdade,coeducación ,prevención da violencia,etc.

Formación de mediadores entre iguais en 3º ESO, a través dun proceso rigoroso que permita a estabilidade destes mediadores durante o período de estudos no centro.

Formación continua dos mediadores, mediante supervisións anuais.

DIFUSIÓN DO PLAN

A Comisión da Convivencia garantirá a difusión a través das seguintes canles:

- Consello Escolar
- Titorías de nais/país, sobre todo nas reunión de principio de curso
- Xunta de delegados
- ANPA do centro



- Os medios para levar a cabo esta difusión serán:
- Reunión informativas e comunicación escritas.
- Exposición en paneis informativos no centro.

NORMATIVA APLICABLE

Lei Orgánica 8/1995, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación (BOE, do 4)

Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE do 4), modificada pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (BOE do 10)

Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG do 15 de xullo)

Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG do 27 de xaneiro).



**ANEXO I: PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN E O CONTROL DO
ABSENTISMO ESCOLAR**

ANEXO II: PROTOCOLO PARA DE ATENCIÓN EDUCATIVA DOMICILIARIA

ANEXO III: PROTOCOLO DE IDENTIDADE DE XÉNERO

**ANEXO IV: PROTOCOLO PARA O ALUMNADO CON TRASTORNO DO
ESPECTRO AUTISTA**

**ANEXO V: PROTOCOLO SOBRE TDAH NA INFANCIA E NA
ADOLESCENCIA**

**ANEXO VI: PROTOCOLO XERAL DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E
TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO**